PLENO DO PARLAMENTO

7 de xuño de 2016
10.00 horas

Servizo de Asistencia Parlamentaria

PARLAMENTO DE GALICIA

ÍNDICE

Páx.

Convocatoria do Pleno 1
Relación de membros da Cámara 7
Listado para votación 9

1.Textos lexislativos 12

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia (Doc. núm. 50759, PPL-000044) 13
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 648, do 24.05.2016

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de Lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se aproba o concerto económico de Galicia (doc. núm. 25476, 09/PPLC-000012) 29
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 08.08.2014

2. Comparecencias en pleno 116

2.1 50894 (09/CPP-000441)
Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da aposta pola mellora do ensino non universitario de Galicia a través do Fondo do Superávit de Responsabilidade 117

3. Mocións 119

3.1 50943 (09/MOC-000185)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das reválidas de educación primaria previstas na LOMCE, o seu desenvolvemento normativo e o seu calendario de implantación. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 49935, publicada no BOPG nº. 640, do 04.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016) 120

3.2 50944 (09/MOC-000186)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos incendios forestais. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 50253, publicada no BOPG nº. 642, do 11.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016) 123

3.3 50945 (09/MOC-000187)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 37062, publicada no BOPG nº. 464, do 20.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)..... 126

4. Proposicións non de lei en Pleno 130

4.1 38914 (09/PNP-002835)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva

Sobre a cobertura das vacacións do persoal do Sergas, así como as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 510, do 28.08.2015..... 131

4.2 40465 (09/PNP-002943)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 2 máis

Sobre a posta en servizo por parte da Xunta de Galicia do novo acceso ao porto de Burela no ano 2016.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 09.09.2015..... 135

4.3 47685 (09/PNP-003463)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Blanco, Emilio e 2 máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central das medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as actividades culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo da Unión Europea que permita a súa harmonización.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 609, do 02.03.2016..... 138

4.4 48971 (09/PNP-003567)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema LexNet na Administración de xustiza.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 626, do 06.04.2016 141

4.5 49646 (09/PNP-003624)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións de Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 638, do 27.04.2016 144

4.6 49863 (09/PNP-003645)
Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xenocidio armenio.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 640, do 04.05.2016 147

4.7 50452 (09/PNP-003703)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Martínez García, María Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 máis

Sobre as demandas que se deben realizar en relación co novo informe redactado pola Comisión Europea verbo do accidente ferroviario de Angrois, a composición e o funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, así como a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria de investigación ao respecto.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 646, do 19.05.2016. 153

4.8 50668 (09/PNP-003722)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dunha comisión de investigación respecto do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 649, do 25.05.2016. 157

5. Interpelacións 160

5.1 3778 (09/INT-000169)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do incumprimento dos compromisos electorais en materia de servizos e emprego públicos e as previsións respecto da rectificación da política que está a seguir ao respecto.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 58, do 26.02.2013 161

5.2 42684 (09/INT-001623)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis.

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 539, do 21.10.2015 164

5.3 43220 (09/INT-001647)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre os resultados do acordo lácteo.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 545, do 04.11.2015 167

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta 170

6.1 50956 (09/POPX-000192)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis

Sobre a valoración da situación política actual 171

6.2 50984 (09/POPX-000193)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación social en Galicia 173

6.3 51014 (09/POPX-000194)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre o incremento da pobreza e a precariedade en Galicia nos últimos anos 175

7. Preguntas ao Goberno 177

7.1 51005 (09/PUP-000279)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da recente viaxe institucional do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Cuba 178

7.2 51012 (09/PUP-000280)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do acordo de eximir á planta de almacenaxe e regasificadora Reganosa do trámite de avaliación ambiental 181

7.3 50933 (09/PUP-000277)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón e 3 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coa posible venda dos centros de produción de Alcoa en Galicia 185

7.4 50244 (09/POP-004920)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 3 máis

Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da incidencia da falta de reposición do profesorado na calidade docente das universidades galegas.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 642, do 11.05.2016 188

7.5 47104 (09/POP-004452)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación na que quedan os doentes que estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas non aceptan seren derivados a centros privados para a súa realización.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 603, do 18.02.2016 191

7.6 50950 (09/PUP-000278)
Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as medidas de prevención e control que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación co exceso de peso das persoas 194

7.7 48236 (09/POP-004652)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do Decreto que regula a previsión de reinvestimento de parte dos ingresos das comunidades de montes no propio monte, establecida na Lei de montes de Galicia, e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 617, do 16.03.2016 197

7.8 50310 (09/POP-004929)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 646, do 19.05.2016..... 200

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 7 de xuño de 2016, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 31 de maio de 2016, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia (Doc. núm. 50759, PPL-000044)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 648, do 24.05.2016

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de Lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se aproba o concerto económico de Galicia (doc. núm. 25476, 09/PPLC-000012).
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 08.08.2014

Punto 2. Comparecencias en pleno

50894 (09/CPP-000441)
Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da aposta pola mellora do ensino non universitario de Galicia a través do Fondo do Superávit de Responsabilidade

Punto 3. Mocións

3.1 50943 (09/MOC-000185)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das reválidas de educación primaria previstas na LOMCE, o seu desenvolvemento normativo e o seu calendario de implantación. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 49935, publicada no BOPG nº. 640, do 04.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

3.2 50944 (09/MOC-000186)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos incendios forestais. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 50253, publicada no BOPG nº. 642, do 11.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)

3.3 50945 (09/MOC-000187)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 37062, publicada no BOPG nº. 464, do 20.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 38914 (09/PNP-002835)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre a cobertura das vacacións do persoal do Sergas, así como as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 510, do 28.08.2015

4.2 40465 (09/PNP-002943)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro e 2 máis
Sobre a posta en servizo por parte da Xunta de Galicia do novo acceso ao porto de Burela no ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 09.09.2015

4.3 47685 (09/PNP-003463)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Blanco, Emilio e 2 máis
Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central das medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as actividades culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo da Unión Europea que permita a súa harmonización
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 609, do 02.03.2016

4.4 48971 (09/PNP-003567)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema LexNet na Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 626, do 06.04.2016

4.5 49646 (09/PNP-003624)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 638, do 27.04.2016

4.6 49863 (09/PNP-003645)
Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen
Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xenocidio armenio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 640, do 04.05.2016

4.7 50452 (09/PNP-003703)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 máis
Sobre as demandas que se deben realizar en relación co novo informe redactado pola Comisión Europea verbo do accidente ferroviario de Angrois, a composición e o funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, así como a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria de investigación ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 646, do 19.05.2016

4.8 50668 (09/PNP-003722)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dunha comisión de investigación respecto do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 649, do 25.05.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 3778 (09/INT-000169)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego do incumprimento dos

compromisos electorais en materia de servizos e emprego públicos e as previsións respecto da rectificación da política que está a seguir ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 58, do 26.02.2013

5.2 42684 (09/INT-001623)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 539, do 21.10.2015

5.3 43220 (09/INT-001647)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre os resultados do acordo lácteo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 545, do 04.11.2015

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1 50956 (09/POPX-000192)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a valoración da situación política actual

6.2 50984 (09/POPX-000193)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a situación social en Galicia

6.3 51014 (09/POPX-000194)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre o incremento da pobreza e a precariedade en Galicia nos últimos anos

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 51005 (09/PUP-000279)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da recente viaxe institucional do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Cuba

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

7.2 51012 (09/PUP-000280)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do acordo de eximir á planta de almacenaxe e regasificadora Reganosa do trámite de avaliación ambiental

7.3 50933 (09/PUP-000277)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón e 3 máis
Sobre a información do Goberno galego en relación coa posible venda dos centros de produción de Alcoa en Galicia

7.4 50244 (09/POP-004920)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 3 máis
Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da incidencia da falta de reposición do profesorado na calidade docente das universidades galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 642, do 11.05.2016

7.5 47104 (09/POP-004452)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación na que quedan os doentes que estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas non aceptan seren derivados a centros privados para a súa realización
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 603, do 18.02.2016

7.6 50950 (09/PUP-000278)
Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica
Sobre as medidas de prevención e control que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación co exceso de peso das persoas

7.7 48236 (09/POP-004652)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do Decreto que regula a previsión de reinvestimento de parte dos ingresos das comunidades de montes no propio monte, establecida na Lei de montes de Galicia, e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 617, do 16.03.2016

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

7.8 50310 (09/POP-004929)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 646, do 19.05.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 31/05/2016 17:32:15

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE
PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

María Carmen Acuña do Campo	S
María do Carme Adán Villamarín	BNG
Pedro Manuel Arias Veira	P
Agustín Baamonde Díaz	P
José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Manuel Beiras Torrado	AGE
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Concepción Burgo López	S
Angel Camino Copa	P
María Teresa Cancelo Márquez	P
Jaime Castiñeira Broz	P
Sandra María Devesa Bouzas	P
Ricardo Vicente Docasar Docasar	S
Javier Dorado Soto	P
Juan Manuel Fajardo Recouso	AGE
Hipólito Fariñas Sobrino	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Mónica Fernández Rodríguez	M
María de los Ángeles Ferreiro Vidarte	S
María Carmen Gallego Calvar	S
José Manuel Gallego Lomba	S
Pablo García García	S
María Isabel García Pacín	P
Jesús Antonio Goldar Güimil	P
Alejandro Gómez Alonso	P
Elena Cruz González Sánchez	P
Juan Carlos González Santín	S
Javier Jorge Guerra Fernández	P
Carmen Iglesias Sueiro	M
Jaime Íñiguez Martínez	P
Francisco Xesús Jorquera Caselas	BNG
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María Consuelo Martínez García	M
Vidal Martínez-Sierra López	P
José Luis Méndez Romeu	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
Enrique Nóvoa López	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Ambrosio Oróns Baña	P
Rosa Oubiña Solla	P

María Tereixa Paz Franco	BNG
Berta Pérez Hernández	P
Cosme Eladio Pombo Rodríguez	BNG
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Herminia Pouso Maneiro	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Pedro Puy Fraga	P
María Remedios Quintas Álvarez	S
Daniel Rodas Chapela	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
José Javier Ron Fernández	AGE
Alfonso Rueda Valenzuela	P
José Antonio Sánchez Bugallo	S
Antón Sánchez García	AGE
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Ramón Santos Pérez	P
José Francisco Santos Regueiro	P
Eva Solla Fernández	AGE
María Soledad Soneira Tajes	S
Miguel Angel Tellado Filgueira	P
Gonzalo Trenor López	P
José Ramón Val Alonso	S
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Emilio Vázquez Blanco	S
Ramón Vázquez Díaz	AGE
Patricia Vilán Lorenzo	S

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
IX Lexislatura

(Actualizada a 23 de febreiro de 2016)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST.
1. Acuña do Campo, María Carmen	S			
2. Adán Villamarín, María do Carme	BNG			
3. Arias Veira, Pedro Manuel	P			
4. Baamonde Díaz, Agustín	P			
5. Beiras Torrado, Xosé Manuel	AGE			
6. Blanco Paradelo, Moisés	P			
7. Blanco Rodríguez, Noela	S			
8. Camino Copa, Ángel	P			
9. Cancelo Márquez, María Teresa	P			
10. Castiñeira Broz, Jaime	P			
11. Devesa Bouzas, Sandra María	P			
12. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	S			
13. Dorado Soto, Javier	P			
14. Fajardo Recouso, Juan Manuel	AGE			
15. Fariñas Sobrino, Hipólito	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Macías, Jackeline Elizabeth	P			
19. Fernández Rodríguez, Mónica	M			
20. Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles	S			
21. Gallego Calvar, María Carmen	S			
22. Gallego Lomba, José Manuel	S			
23. García García, Pablo	S			
24. García Pacín, María Isabel	P			
25. Goldar Güimil, Jesús Antonio	P			
26. Gómez Alonso, Alejandro	P			
27. González Sánchez, Elena Cruz	P			
28. González Santín, Juan Carlos	S			
29. Guerra Fernández, Javier Jorge	P			
30. Iglesias Sueiro, Carmen	M			
31. Íñiguez Martínez, Jaime	P			
32. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	BNG			

33. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
34. Martínez García, María Consuelo	M			
35. Martínez Sierra López, Vidal	P			
36. Méndez Romeu, José Luis	S			
37 Moreira Ferro, Jacobo	P			
38. Mouriño Villar, Antonio	P			
39. Nóvoa López, Enrique	P			
40. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
41. Oróns Baña, Ambrosio	P			
42. Oubiña Solla, Rosa	P			
43. Paz Franco, María Tereixa	BNG			
44. Pérez Hernández, Berta	P			
45. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	BNG			
46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
47 Pouso Maneiro, María Herminia	P			
48. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
49. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
50. Puy Fraga, Pedro	P			
51. Quintas Álvarez, María Remedios	S			
52. Rodas Chapela, Daniel	BNG			
53. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
54. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
55. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
56 Ron Fernández, José Javier	AGE			
57. Sánchez Bugallo, José Antonio	S			
58. Sánchez García, Antón	AGE			
59. Santos Pérez, Ramón	P			
60. Santos Regueiro, José Francisco	P			
61. Solla Fernández, Eva	AGE			
62. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
63. Trenor López, Gonzalo	P			
64. Val Alonso, José Ramón	S			
65. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	P			
66. Vázquez Blanco, Emilio	PSOE			
67. Vázquez Díaz, Ramón	AGE			
68. Vilán Lorenzo, Patricia	S			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijóo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, Concepción	S			
72. Balseiro Orol, José Manuel	P			
73. Soneira Tajes, María Soledad	S			
74. Rodríguez Arias, Marta	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 07.06.2016 Hora: 10:00

Orde do día

1. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia (Doc. núm. 50759, PPL-000044)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

50759(09/PPL-000044)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia

Publicación da iniciativa, 648, 24.05.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 122 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia,** polo trámite de **urxencia.**

Antecedentes:

- Constitución Española
- Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector de transporte público de Galicia.
- Regulamento (CE) nº 1370/2007, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada.

Xustificación da urxencia

O 14 de marzo de 2016, o Tribunal Supremo ditou sentenza pola que quedaron anuladas as prórrogas dos contratos de servizo público de transporte regular de uso xeral introducida polo artigo 1 da Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector de transporte público de Galicia. Como consecuencia da sentenza, dos 145 contratos de transporte interurbano existentes en 2009, só 14 manterían a súa vixencia, estando caducados, polo tanto, 131 contratos.

Esta situación fai necesario adoptar medidas que garantan a prestación de servizo de transporte público en Galicia coas máximas garantías e, por suposto, coa máxima seguridade xurídica, respectando a normativa comunitaria e o dereito interno aplicable á materia.

Exposición de motivos

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

O acentuado ritmo de transformación social e territorial acaecido nas últimas décadas ten determinado un profundo cambio nos modelos de asentamentos da poboación en Galicia, manifestando unha tendencia ao reforzamento da actividade económica nas zonas atlánticas fronte a menor actividade nas zonas rurais. Neste contexto, produciuse un reforzamento dos asentamentos urbanos nas zonas próximas ás principais cidades do denominado eixo atlántico, incluso con manifestacións de urbanización dispersa, xunto cunha perda relativa de poboación nos territorios interiores, nos que tamén se avanzou cara un maior avellentamento da poboación.

Os efectos desta evolución resultan claramente perceptibles en relación co sistema de transporte público. Así, xunto cun claro incremento da demanda de mobilidade recorrente ou diaria nos contornos urbanos e metropolitanos, preséntase a necesidade de manter un sistema de transporte público sostible nos contornos rurais, nos que mesmo presenta unha nítida finalidade social como garantía de dereitos esenciais como o propio dereito á mobilidade persoal ou a servizos esenciais.

A evolución social e territorial da poboación demanda dunha resposta clara da Administración e do propio sector económico, debendo levar a unha revisión en profundidade dun mapa de servizos de transporte público que, basicamente, se construíra ao longo da primeira metade do pasado século, cando as necesidades da poboación e os seus asentamentos resultaban moi distintos dos actuais.

O novo mapa de servizos de transporte público deberá responder á dobre necesidade indicada anteriormente, garantindo, por unha parte, a maior cobertura territorial do sistema de transporte, para o que resultarán de grande utilidade as oportunidades que introducen as novas tecnoloxías na utilización de sistemas de transporte baixo demanda das persoas usuarias, e por outra parte, a resposta aos desprazamentos constantes e recorrentes en espazos cada vez máis poboados e conxestionados, contribuíndo á construción dun sistema de transporte público universal, alternativo ao vehículo particular, respectuoso co medio, e que contribúa á mellora da calidade de vida das persoas.

Para facilitar esta adaptación do sistema de transporte e do propio sector, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia e, en aplicación súa, o Plan de modernización das concesións administrativas prestatarias destes servizos, o que permitiu avanzar xa a introdución de diferentes actuacións e melloras do sistema. Non obstante, logo de que por parte do Tribunal Supremo se

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

anulase a ampliación dos prazos de vixencia daquelas concesións previsto naquela lei, deberanse programar os traballos de planificación do novo sistema de transporte público para a súa licitación consonte co previsto na normativa comunitaria, sen prexuízo de apostar polo mantemento das actuacións de modernización que faciliten ao sector de transporte público responder axeitadamente ás demandas do novo mapa de servizos.

En definitiva, esta lei dá resposta ás necesidades de planificación e definición dun novo sistema de transporte público axeitado á evolución das necesidades da sociedade, ao tempo que establece os mecanismos precisos para a transición cara o mesmo, axustada ás necesidades xurdidas logo do pronunciamento do Tribunal Supremo, aportando a máxima seguridade xurídica tanto aos actuais prestatarios como ás persoas usuarias do sistema.

En canto á estrutura da lei, configúrase como unha lei con tres artigos, unha disposición adicional, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No texto articulado, logo de dedicar o primeiro artigo a fixar o seu propio obxecto, no segundo artigo regúlase o Plan de transporte público de Galicia, como instrumento de planificación mediante o que se establecerá o novo mapa de servizos de transporte público, determínase o seu contido mínimo, que se incorpora como anexo ao texto articulado, e fíxanse as regras precisas para a súa elaboración e aprobación.

Por outra parte, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos das concesións que establecera a Lei 5/2009, no terceiro artigo do texto articulado fíxanse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte público durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño de servizos, facilitando o mantemento de actuacións relevantes de modernización do sector previstas naquela lei.

Por último, na disposición adicional establécese unha regulación precisa para, xa dende a entrada en vigor da lei, establecer servizos de transporte de reducida entidade suxeitos a obrigas de servizo público, coa máxima transparencia e participación sectorial.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

Artigo 1. Obxecto da lei

A presente lei ten por obxecto establecer as medidas urxentes necesarias para a actualización do sistema de transporte público de Galicia e os mecanismos transitorios precisos ata acadar dita actualización.

Artigo 2. O Plan de Transporte Público de Galicia

1. A actualización do sistema de transporte público de Galicia levarase a cabo mediante a aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia.

   Este plan é o instrumento de planificación mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular da competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na Comunidade Autónoma.

2. Son obxectivos do Plan de Transporte Público de Galicia facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, sostibilidade económica-financeira e medioambiental, fomentando e potenciando o uso prioritario do transporte público en calquera dos seus modos, facilitando a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade ás persoas, de xeito que se potencie a súa concepción como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribúa á vertebración territorial da Comunidade Autónoma.

3. O Plan de Transporte Público de Galicia, que desenvolverá o contido establecido como anexo a esta lei, será elaborado pola consellería da Xunta de Galicia competente en materia de transportes e, logo do seu sometemento a información pública e do informe do Consello galego de Transportes, será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

   O primeiro plan de transporte público de Galicia deberá aprobarse no prazo de 21 meses dende a entrada en vigor desta lei, garantindo que a adxudicación dos contratos de servizo público que teñan expirado, así como dos novos contratos

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

de servizo público que se establezan polo Plan, se produza dentro do período transitorio fixado no Regulamento (CE) nº 1370/2007, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada, e conforme ao disposto nel.

4. A concreción dos servizos de transporte público contida no plan efectuarase mediante o seu desenvolvemento nos correspondentes anteproxectos de servizos de transporte público regular de uso xeral que, logo da súa tramitación consonte co disposto pola normativa sectorial de aplicación, serán aprobados pola Consellería competente en materia de transportes.

Artigo 3. Garantía da prestación de servizos no período transitorio

1. Queda sen efectos a modificación dos prazos de vixencia dos contratos de servizo público de transporte regular de uso xeral introducida polo artigo 1 da Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector de transporte público de Galicia, considerando expirados estes contratos dende que alcancen o seu período de vixencia previo á indicada modificación, todo isto sen prexuízo da aplicación das disposicións do Regulamento (CE) 1370/2007 relativas ao seu período transitorio e á duración dos contratos.

   Non obstante o indicado no apartado anterior, os servizos públicos de transporte regular de uso xeral aos que facía referencia o artigo 1 da Lei 5/2009, continuarán a ser explotados polos seus prestatarios actuais ata a adxudicación e implantación dos servizos establecidos no Plan de Transporte Público de Galicia, de acordo cos prazos indicados no artigo anterior.

   A continuidade na explotación producirase sen necesidade de requirimento previo por parte da Administración, e será obrigatoria para o prestatario se no prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte ao de entrada en vigor desta lei, non comunica formalmente á dirección xeral competente en materia de

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

transportes a súa renuncia expresa á devandita continuidade. En caso de renuncia neste prazo, o prestatario manterá en calquera caso a continuidade na prestación dos servizos como obriga de servizo público, durante o prazo máximo de doce meses a contar dende a data da renuncia, prazo no que a dirección xeral con competencias en materia de transportes procederá a adxudicación directa do servizo de acordo co Regulamento (CE) nº 1370/2007. No caso dos contratos que non teñan expirado á entrada en vigor desta Lei, o prazo máximo de doce meses anteriormente citado, contarase dende a data da súa expiración.

2. No período de continuidade na explotación, os prestatarios dos servizos manterán, para todos os efectos, a condición de contratistas do servizo público de transporte, cuxa prestación será esixible de acordo coas condicións establecidas nos títulos contractuais aplicables o 14 de marzo de 2016 ou, no seu caso, en ulteriores modificacións ou adaptacións que se aproben para atender novas necesidades ou tráficos de relevante interese social ou por resolución de expedientes de modificación iniciados con antelación á referida data. Así mesmo, resultaranlles de aplicación as previsións do Regulamento (CE) nº 1370/2007, do 23 de outubro de 2007, da Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos de viaxeiros por estrada, da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e do resto de normativa que resulte de aplicación.
3. Durante dito período, poderá solicitarse a novación subxectiva do prestatario do servizo de transporte. Dita novación deberá ser aprobada pola Consellería competente en materia de mobilidade e virá condicionada á asunción, polo cesionario, das obrigas derivadas das condicións de explotación vixentes para o cedente.
4. En particular, durante o período de continuidade na explotación, serán esixibles as seguintes obrigas contractuais:
   a) Integrar os contratos nos Plans de Transporte Metropolitano e no novo Sistema Tarifario Zonal.
   b) Implantar un Sistema de Axuda á Explotación (SAE) de acordo co establecido na Resolución conxunta do 1 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Axencia para a Modernización

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

Tecnolóxica de Galicia (Amtega), pola que se aproban as especificacións funcionais para a implantación de sistemas de axuda á explotación (SAE) en toda a flota adscrita aos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, e posteriores actos e actuacións efectuados ou que se deban realizar en aplicación da dita resolución.

c) Os vehículos que, durante o período de continuidade na explotación se adscriban por primeira vez a un contrato de xestión dun servizo público de transporte regular interurbano de uso xeral da competencia da Xunta de Galicia, serán accesibles para persoas con mobilidade reducida. A administración non autorizará a adscrición de novos vehículos que non cumpran os requirimentos previstos neste apartado.

No caso de incumprimento dalgunha destas obrigas será de aplicación o réxime sancionador da Lei 16/1987, do 30 de xullo.

Disposición adicional. Establecemento de novos servizos de duración temporalmente limitada

A implantación de servizos de transporte público regular de uso xeral de duración temporalmente limitada, aínda que sexan de repetición periódica, como os de feiras, mercados, praias ou semellantes, será acordada pola dirección xeral competente en materia de transportes, de oficio ou por petición dunha empresa interesada na súa prestación.

Con antelación á aprobación do establecemento destes servizos, a administración someterá a información pública durante un prazo de dez días e simultaneamente a informe do Comité galego de Transportes, un proxecto de explotación do servizo, no que se identifiquen os tráficos a atender, os itinerarios (se é o caso), o calendario de prestación e a tarifa aplicable, así como aqueles outros elementos que configuren o servizo e que poderán ser obxecto de valoración para a súa adxudicación. A dirección xeral competente en materia de transportes poderá acordar a adxudicación directa destes servizos de acordo co Regulamento (CE) nº 1370/2007.

Disposición derrogatoria

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

Queda derrogado o artigo 1 da Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector de transporte público de Galicia.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento

Habilítase o Consello da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Anexo. Contido do Plan de Transporte Público de Galicia

O Plan de Transporte Público de Galicia concretará a rede de transporte público de Galicia da competencia da Xunta de Galicia, establecendo os servizos e territorios potencialmente afectados polas futuras adxudicacións dos servizos e os tipos de adxudicación previstos para cada servizo, así como os supostos e condicións de integración de servizos de transporte público regular de uso xeral e de uso especial.

Especificamente, terá en consideración as normas en materia de dereitos dos pasaxeiros, protección social, emprego e protección do medio ambiente, así como as necesidades de mobilidade da poboación nas zonas rurais, para o que xunto cos servizos de transporte público de uso xeral baseados en itinerarios e calendarios estables, integrarase a prestación de servizos baixo demanda das persoas usuarias, definindo as formas de integración que en cada caso resulte máis axeitada.

O Plan de Transporte Público de Galicia terá como contido mínimo o seguinte:

- O desenvolvemento dos obxectivos do propio plan.

  Concretaranse os obxectivos establecidos tanto nesta lei como na normativa sectorial aplicable a efectos da planificación do sistema de transporte público.

- A programación de licitación dos contratos de servizos públicos de transporte regular de uso xeral da titularidade da Xunta de Galicia. Unha vez adxudicados os contratos, a implantación do servizo producirase no prazo máximo de 3 meses dende a formalización do contrato.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

Os pregos de condicións que rexerán os contratos, sen prexuizo do Dereito nacional e comunitario, e incluídos os convenios colectivos entre os interlocutores sociais, preverán que o operador de servizo público adxudicatario ofreza ao persoal previamente contratado para prestar os servizos os dereitos que este tería se se tivese producido un traspaso con arranxo á Directiva 2001/23/CE, de acordo co previsto no Regulamento (CE) nº 1370/2007. Así mesmo, de acordo coas condicións que se desenvolvan no Plan, os pregos recollerán regras para posibilitar a transmisión dos elementos que formen parte do Sistema de Axuda á Explotación previsto nesta lei e a continuidade da explotación cos vehículos ou material móbil que estivese adscrito á prestación do servizo segundo as condicións recollidas no título concesional aplicable ao servizo preexistente, e sempre que se axuste aos requirimentos necesarios para a prestación do novo servizo.

Para garantir a consecución dos obxectivos sinalados no apartado 2 do artigo 2 desta Lei, os pregos de condicións fixarán os criterios obxectivos para a adxudicación dos concursos, garantindo que, como mínimo, o 65% da puntuación que se asigne as ofertas se dirixa a valorar a calidade do servizo público de transporte.

- As clases de transporte público que resultarán de aplicación en cada ámbito territorial, ou para cada tipoloxía de tráficos, baseados en sistemas de prestación lineal e/ou zonal de servizos e, no seu caso, na integración de diferentes clases de servizos.

  O plan analizará a ordenación do territorio en termos de mobilidade, perfilando as modalidades de mobilidade axeitadas para cada ámbito territorial, establecendo as condicións nas que se produciría, se fose o caso, a integración de diferentes clases de servizos de transporte.

- Os modelos de xestión de servizos baixo demanda das persoas usuarias, e a integración destes servizos na rede global de transportes.

  Mediante a implantación de formas de xestión baixo demanda, e coa utilización das novas tecnoloxías, promoverase a máxima expansión da oferta de servizos

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

de transporte público nos ámbitos rurais, nos que se produce unha maior dispersión da poboación, contribuíndo ao mantemento da poboación.

Garantirase a conexión e integración destes servizos no sistema xeral de transportes, de xeito que se facilite a mobilidade cos principais núcleos de poboación.

- Os requisitos básicos que deba cumprir a oferta de transporte público en ámbitos tales como accesibilidade, conectividade territorial, seguridade, interconexións modais e intermodais nos principais nós de conexión.

  Estableceranse os requisitos mínimos que deberán ser comúns ao conxunto do sistema de transporte público autonómico, facilitando a nivel técnico a universalización deste servizo público para a poboación con dificultades de mobilidade.

  Fixaranse criterios de conectividade do territorio e dos servizos, nunha concepción integrada do sistema de transporte público, e garantindo a máxima seguridade para as persoas usuarias.

- As normas de calidade correspondentes a asuntos tales como equipamento dos vehículos e, se é o caso, as paradas, puntualidade e fiabilidade, limpeza, servizo e información ao cliente, tramitación de queixas e vías de recurso, seguimento da calidade do servizo.

  Determinaranse os elementos de calidade común dos servizos de transporte, que se incorporarán aos proxectos de explotación dos mesmos, fixando ao usuario como elemento central do sistema de transporte público.

- Os sistemas de tarificación que resultarán aplicables ao conxunto do sistema de transportes.

  Desenvolveranse os sistemas de tarificación, sobre modelos lineais ou zonais, os sistemas de pagamento por parte das persoas usuarias dos servizos, as posibles liñas de bonificacións orientadas á promoción da utilización do sistema de transporte público ou a finalidades de carácter social.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

- As prioridades referentes á modernización do sistema de transporte, e á coordinación e integración do conxunto de sistemas de transportes que operan na Comunidade Autónoma.

  Estableceranse as pautas para garantir a adaptación constante do sistema de transporte público á evolución social e tecnolóxica, impulsando a propia modernización deste sector empresarial galego.

- Complementará as condicións básicas de dereitos e obrigas das persoas usuarias, e garantirá a accesibilidade para o conxunto da poboación.

  O plan complementará as disposicións mediante as que se recoñecen os dereitos e se establecen as obrigas das persoas usuarias do sistema de transporte público, concretando os mecanismos para facer valer os seus dereitos. Definiranse os elementos operativos do sistema necesarios para garantir a accesibilidade ao sistema de transporte do conxunto da poboación.

- O procedemento de seguimento do cumprimento do plan, e os supostos nos que procederá a revisión, total ou parcial, e actualización do plan.

  O plan fixará os mecanismos de seguimento do nivel de cumprimento dos obxectivos establecidos e de calidade do sistema de transporte público, determinando sistemas de indicadores para tal fin. Fixará as condicións nas que se realizarán modificacións puntuais, así como os criterios determinantes da súa revisión global.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/05/2016 17:14:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2016 17:18
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 23/05/2016 17:18:48.746

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Cristina Isabel Romero Fernández na data 23/05/2016 17:14:57

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/05/2016 17:15:06

Jaime Castiñeira Broz na data 23/05/2016 17:15:18

Jesus Goldar Guimil na data 23/05/2016 17:15:27

Alejandro Gómez Alonso na data 23/05/2016 17:16:02

Antonio Mouriño Villar na data 23/05/2016 17:16:14

Enrique Novoa López na data 23/05/2016 17:16:28

Jose Francisco Santos Regueiro na data 23/05/2016 17:16:37

Gonzalo Trenor Lopez na data 23/05/2016 17:16:45

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 23/05/2016 17:16:53

Rosa Oubiña Solla na data 23/05/2016 17:17:02

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 23/05/2016 17:17:18

Elena Cruz González Sánchez na data 23/05/2016 17:17:25

Sandra María Devesa Bouzas na data 23/05/2016 17:17:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
30 MAI. 2016
Núm. 50961

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
30 MAI. 2016
SAIDA
Num. 858

Conforme ao establecido no art. 123 do Regulamento do Parlamento de Galicia, achégolle a copia do escrito que contén o criterio da Xunta respecto da toma en consideración e á tramitación da *Proposición de lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.*

O que se achega para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS
E VIVENDA
Secretaría Xeral Técnica

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE
COMPOSTELA

galicia

En cumprimento do establecido no artigo 123 do Regulamento do Parlamento de Galicia, comunícolle a postura favorable da Xunta de Galicia con respecto á toma en consideración da Proposición de Lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, así como a súa conformidade á mesma.

Santiago de Compostela, a 27 de maio de 2016

O secretario xeral técnico
Consellería de Infraestrutura e Vivenda

Joaquín Macho Canales

Asinado por: MACHO CANALES JOAQUIN
Cargo: secretario xeral técnico
Data e hora: 27/05/2016 10:56:58

CVE: c6ff82d8-fc35-4963-9cb7-e481ebcd85ac
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de Lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se aproba o concerto económico de Galicia (doc. núm. 25476, 09/PPLC-000012).

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

25476(09/PPLC-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de Lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, pola que se aproba o concerto económico de Galicia

Publicación da iniciativa, 323, 08.08.2014

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento do Parlamento de Galiza, presenta a seguinte **Proposición de Lei**, para presentar perante o Congreso dos Deputados, **pola que se aproba o concerto económico de Galiza**.

Exposición de motivos

O actual modelo de financiamento das comunidades autónomas, cuxa última reforma data de finais do 2009, segue mantendo as constantes básicas que caracterizan ao modelo de financiamento de réxime común, isto é, segue a persistir na idea dun Estado central que exerce un férreo control sobre os ingresos recadados e sobre os impostos que pagan as galegas e os galegos, para logo distribuílos, non en función da capacidade ou das necesidades obxectivas, senón en base a criterios políticos alleos aos intereses e necesidades de Galiza. A Xunta de Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos para a cidadanía, como a sanidade ou a educación. Existen sectores básicos que precisan apoio e estímulos públicos para mellorar a súa potencialidade, como se fai en todos os Estados avanzados do mundo, porén, co actual sistema de financiamento, non pode deseñar un marco fiscal acaído a estas tarefas.

O actual sistema de financiamento limítase a ceder a Galiza porcentaxes na recadación dalgúns impostos, que xunto cunhas determinadas transferencias achegan uns recursos totais que cada vez teñen un menor peso relativo dentro do conxunto das CCAA que compoñen o réxime común de financiamento. Despois da reforma do sistema de financiamento do ano 2009 Galiza descendeu aínda máis chanzos respecto

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

doutros territorios do Estado, pasando de obter unha participación do 7,8 por 100 sobre o total en 1999, a ficar nun 6,7 por 100 dez anos despois. Trátase dun modelo que non se axusta nin á capacidade real de Galiza nin ás súas necesidades, e que ao mesmo tempo vainos situando cada vez máis nunha peor posición, o que provoca unha diverxencia real, no canto da converxencia de que se presume teoricamente, na cantidade e calidade dos servizos públicos accesíbeis aos galegos e galegas en relación con eses territorios do réxime común.

Mediante esta proposición de lei pretende que Galiza dispoña dun novo sistema de financiamento que supere a limitada autonomía fiscal e financeira que ten Galiza, que nos limita un desenvolvemento económico autocentrado e agudiza en maior medida a procura de solucións orientadas á reactivación económica a prol das maiorías sociais. Galiza precisa dun outro sistema de financiamento, que supoña unha mudanza respecto dos distintos modelos xurdidos dos acordos adoptados até o de agora. Outro sistema alicerzado na plena soberanía fiscal, que da delegación de recursos pase á asunción plena da capacidade fiscal, que nos permita tanto regular con criterios progresivos a carga fiscal, singularmente nas grandes empresas, como a recadación e xestión sobre os mesmos. Polo tanto, esta proposición de lei pretende que Galiza exerza a plena responsabilidade en materia fiscal, posto que ten capacidade propia e xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos e apoiar aos sectores produtivos.

Acorde a estes principios, esta proposición de lei establece un novo acordo de financiamento para Galiza, que responde a unha concepción baseada na transparencia, na autorresponsabilidade e na crenza nas propias capacidades do país. Este novo acordo de financiamento persegue os obxectivos de atinxir a plena capacidade de decisión sobre todos os tributos soportados en Galiza; poder dispor dos recursos económicos que se xeren en Galiza para atender as políticas sociais e de desenvolvemento

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económico autocentrado sustentábel e asegurar a lealdade institucional para evitar a posición dominante, arbitrariedade ou os incumprimentos do Estado para con Galiza no que atinxe ás súas necesidades de financiamento.

Trátase dun sistema de financiamento análogo aos que xa existen noutras comunidades do Estado Español, posto que o País Vasco e Navarra gozan do coñecido como réxime de financiamento foral, que no País Vasco ten a súa concreción mediante o "Concerto económico", e en Navarra mediante o "Convenio económico". Podemos constatar que durante a crise económica son precisamente estas dúas comunidades as que mellor resistiron a forte crise económica que estamos a sufrir durante o último lustro, dándose a circunstancia de que son ambas comunidades as que teñen menor taxa de desemprego dentro do Estado Español. Xa que logo, resulta evidente unha correlación entre capacidade fiscal e maior capacidade das comunidades autónomas para deseñar un marco acaído de desenvolvemento que permita loitar de xeito efectivo contra a crise e o desemprego. Polo tanto, son estas experiencias as que serven de referencia no deseño do modelo de financiamento para Galiza contemplado na presente proposición de lei.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo único.

Apróbase o concerto económico coa Comunidade Autónoma de Galiza nos termos establecidos no anexo desta lei.

Disposición derrogatoria única.

A partir da entrada en vigor desta lei quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ó contido dela.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado", se ben producirá efecto desde o un de xaneiro de dous mil quince.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANEXO

CONCERTO ECONÓMICO DE GALIZA

CAPÍTULO I – Normas Xerais e Tributos

SECCIÓN 1.ª NORMAS XERAIS

Artigo 1. Competencias da Xunta de Galiza.

A Xunta de Galiza poderá establecer e regular dentro do seu territorio, o seu réxime tributario, polo que lle corresponde a exacción, xestión, liquidación, inspección, revisión e recadación dos tributos que integran o sistema tributario galego.

Artigo 2. Principios xerais.

Un. Os principios que rexerán o sistema tributario galego serán os seguintes:

a) Respecto da solidariedade nos termos previstos na Constitución e no Estatuto de autonomía.

b) Atención á estrutura xeral impositiva do Estado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Coordinación, harmonización fiscal e colaboración co Estado, de acordo coas normas deste concerto económico.

d) Sometemento ós tratados ou convenios internacionais asinados e ratificados polo Estado español. En particular, aterase ao disposto nos convenios internacionais asinados polo Estado Español para evitar a dobre imposición e nas normas de harmonización fiscal da Unión Europea, polo que deberá asumir as devolucións que proceda practicar como consecuencia da aplicación de tales convenios e normas.

Dous. As normas deste concerto interpretaranse de acordo co establecido na Lei Xeral Tributaria para a interpretación das normas tributarias.

Artigo 3. Harmonización fiscal.

A normativa tributaria que desenvolva a Xunta de Galiza guiarase polos seguintes criterios:

a) Adecuarase á Lei xeral tributaria en canto á terminoloxía e conceptos, sen prexuízo das peculiaridades establecidas neste concerto económico.

b) Respectará e garantirá a liberdade de circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens, capitais e servizos en todo o territorio español, sen que se produzan efectos discriminatorios, nin menoscabo das posibilidades de competencia empresarial nin distorsión na asignación de recursos.

c) Utilizarán a mesma clasificación de actividades gandeiras, mineiras, industriais, comerciais, de servizos, profesionais e artísticas que en territorio común, sen prexuízo da maior desagregación que delas poida levarse a cabo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 4. Principio de colaboración.

Un. A Xunta de Galiza comunicará á Administración do Estado os proxectos de disposicións normativas en materia tributaria con antelación suficiente á súa entrada en vigor. Do mesmo xeito, a Administración do Estado practicará idéntica comunicación a dita institución.

Dous. O Estado arbitrará os mecanismos que permitan a colaboración das Institucións de Galiza nos Acordos internacionais que incidan na aplicación do presente Concerto Económico.

Tres. O Estado e a Xunta de Galiza, no exercicio das funcións que lle competen relativas á xestión, inspección e recadación dos seus tributos, facilitaranse mutuamente, en tempo e forma adecuados, cantos datos e antecedentes estimen precisos para a súa mellor exacción. En particular, ambas Administracións:

a) Facilitaranse, a través dos seus centros de proceso de datos, toda a información que precisen. Para ese efecto, establecerase a intercomunicación técnica necesaria. Anualmente elaborarase un plan conxunto e coordinado de informática fiscal.

b) Os servizos de inspección prepararán plans conxuntos de inspección sobre obxectivos, sectores e procedementos coordinados, así como sobre contribuíntes que cambien de domicilio, entidades en réxime de transparencia fiscal e sociedades suxeitas a tributación en proporción ao volume de operacións no Imposto sobre Sociedades.

Catro. O Estado e a Xunta de Galiza arbitrarán os procedementos de intercambio de información que garantan o cumprimento dos Tratados e Convenios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

internacionais do Estado e, en particular, da normativa procedente da Unión Europea en materia de cooperación administrativa e asistencia mutua.

Artigo 5. Competencias exclusivas do Estado.

Constituirá competencia exclusiva do Estado a regulación, xestión, inspección, revisión e recadación dos dereitos de importación e dos gravames á importación nos impostos especiais e no imposto sobre o valor engadido.

SECCIÓN 2.ª IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Artigo 6. Normativa aplicábel e exacción do imposto.

O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas é un tributo concertado de normativa autónoma. A súa exacción corresponderalle á Xunta de Galiza.

Artigo 7. Retencións e ingresos á conta por rendementos do traballo.

Un. As retencións e ingresos á conta por rendementos do traballo serán esixidos pola Xunta de Galiza cando correspondan aos sinalados a continuación:

a) Os procedentes de traballos ou servizos que se presten en Galiza. No suposto de que os traballos ou servizos se presten en territorio común e galego, presumirase,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agás proba en contrario, que os servizos se prestan en Galiza cando neste territorio se sitúe o centro de traballo ao que estea adscrito o traballador.

b) Os procedentes de pensións, haberes pasivos e prestacións percibidas dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas, Instituto Nacional de Emprego, montepíos, mutualidades, fondos de promoción de emprego, plans de pensións, entidades de previsión social voluntaria así como as prestacións pasivas de empresas e outras entidades, cando o perceptor teña a súa residencia habitual en Galiza.

c) As retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces e doutros órganos representativos, cando a entidade pagadora teña o seu domicilio fiscal en Galiza.

Cando se trate de entidades que sexan suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades esixíbel polo Estado e pola Xunta de Galiza, as retencións corresponderán a ámbalas administracións en proporción ao volume de operacións efectuado en cada territorio. Para estes efectos, aplicarase a proporción determinada na última declaración-liquidación efectuada polo imposto sobre sociedades. Estas retencións esixiranse conforme a normativa galega ou estatal, segundo que á entidade pagadora lle resulte de aplicación a normativa galega ou estatal do imposto sobre sociedades, e a inspección será realizada polos órganos da Administración que corresponda por aplicación deste mesmo criterio. Malia o anterior, as normas relativas ao lugar, forma e prazo de presentación das correspondentes declaracións-liquidacións serán as establecidas pola Xunta de Galiza.

Dous. Malia o disposto no punto anterior, corresponderanlle á Administración do Estado as retencións relativas ás retribucións, tanto activas como pasivas, incluídas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

as pensións xeradas por persoa distinta do perceptor, satisfeitas por aquela aos funcionarios e empregados en réxime de contratación laboral ou administrativa do Estado, con excepción dos funcionarios e empregados de organismos autónomos e entidades públicas empresariais.

Artigo 8. Pagamentos á conta por rendementos de actividades económicas.

Un. As retencións e ingresos á conta por rendementos derivados de actividades económicas esixiranse por parte da Xunta de Galiza cando o obrigado a reter ou a ingresar á conta teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en Galiza. En calquera caso, serán esixidas pola Administración do Estado ou pola Xunta de Galiza cando correspondan a rendementos satisfeitos por elas.

Na exacción destas retencións e ingresos á conta, a Xunta de Galiza aplicará os mesmos tipos aos de territorio común.

Dous. Os pagamentos fraccionados á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas esixiranse por parte da Xunta de Galiza cando o contribuínte teña a súa residencia habitual na Galiza.

Artigo 9. Retencións e ingresos á conta por rendementos do capital mobiliario.

Un. As retencións e ingresos á conta por rendementos do capital mobiliario esixiranse, conforme a súa respectiva normativa, pola Administración do Estado ou pola Xunta de Galiza, de acordo coas seguintes normas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Primeira. Serán esixidas pola Xunta de Galiza por razón do territorio as correspondentes a:

a) Rendementos obtidos pola participación en fondos propios de calquera entidade, así como os xuros e demais contraprestacións de obrigas e títulos similares, cando tales rendementos sexan satisfeitos por entidades que tributen exclusivamente polo imposto de sociedades en Galiza.

Tratándose de suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades esixíbel polo Estado e a Xunta de Galiza, a retención corresponderalles a ámbalas administracións en proporción ao volume de operacións realizado en cada territorio. Para estes efectos, aplicarase a proporción determinada na última declaración-liquidación efectuada polo imposto sobre sociedades.

Estas retencións esixiranse conforme a normativa galega ou común dependendo de se á entidade pagadora lle resulta de aplicación a normativa galega ou común do imposto sobre sociedades, e a inspección será realizada polos órganos da Administración que corresponda por aplicación deste mesmo criterio. Malia o anterior, as normas relativas ao lugar, forma e prazo de presentación das correspondentes declaracións liquidacións serán as establecidas pola Administración competente para a súa exacción.

b) Xuros e demais contraprestacións das débedas e empréstitos emitidos pola Comunidade Autónoma, deputacións, concellos e demais entes da Administración territorial e institucional de Galiza, calquera que sexa o lugar no que se fagan efectivas. Os que correspondan a emisións realizadas polo Estado, outras comunidades autónomas, corporacións de territorio común e demais entes das súas administracións

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

territoriais e institucionais, mesmo cando se satisfagan en territorio galego, serán esixidas polo Estado.

c) Os xuros e demais contraprestacións de operacións pasivas dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito e entidades equiparadas a elas, así como das efectuadas en calquera outro establecemento de crédito ou institución financeira, cando o perceptor do rendemento teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en Galiza.

d) Os rendementos derivados de operacións de capitalización e de contratos de seguros de vida ou invalidez, cando o seu beneficiario ou o tomador do seguro en caso de rescate teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en Galiza.

e) As rendas vitalicias e outras temporais que teñan por causa a imposición de capitais, cando o beneficiario delas teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en Galiza. Cando se trate de pensións o dereito das cales fose xerado por persoa distinta do perceptor e o pagador sexa a Administración do Estado, a retención será esixida por esta.

f) Os rendementos procedentes da propiedade intelectual, cando o suxeito pasivo non sexa o autor e, en todo caso, os da propiedade industrial e da prestación de asistencia técnica, cando a persoa ou entidade que os satisfaga se atope domiciliada fiscalmente en Galiza.

g) Os procedentes do arrendamento de bens, dereitos, negocios ou minas e análogos, cando estean situados en territorio galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segunda. Cando se trate de xuros de préstamos garantidos con hipoteca inmobiliaria, será competente para esixila retención a Administración do territorio onde radiquen os bens obxecto da garantía.

Cando os bens hipotecados estivesen situados en territorio galego e no resto do Estado, corresponderalles a ámbalas administracións esixila retención, para o cal se ratearán os xuros proporcionalmente ao valor dos bens obxecto de hipoteca, agás no suposto de que houbese especial asignación de garantía, caso en que será esta cifra a que sirva de base para o rateo.

Terceira. Cando se trate de xuros de préstamos garantidos con hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento, a retención será esixida pola Administración do territorio onde a garantía se inscriba.

Cuarta. Cando se trate de xuros de préstamos simples, do prezo aprazado na compravenda e outros rendementos derivados da colocación de capitais, as retencións serán esixidas pola Administración do territorio onde se atope situado o establecemento ou teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal a entidade ou persoa obrigada a reter.

Dous. Na exacción das retencións e ingresos á conta a que se refire este artigo, a Xunta de Galiza aplicará idénticos tipos ós de territorio común.

Artigo 10. Retencións e ingresos a conta por determinadas ganancias patrimoniais.

Un. As retencións relativas ás ganancias patrimoniais derivadas da transmisión ou reembolso de accións e participacións de Institucións de Investimento Colectivo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esixiranse, conforme á súa respectiva normativa, pola Administración do Estado ou pola Xunta de Galiza, segundo que o accionista ou partícipe teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en territorio do resto do Estado ou galego.

Dous. As retencións correspondentes ao Gravame especial sobre os premios de determinadas loterías e apostas esixiranse, conforme á súa respectiva normativa, pola Administración do Estado ou pola Xunta de Galiza competente por razón do territorio segundo que o perceptor dos mesmos teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en territorio común ou galego.

As retencións e ingresos a conta correspondentes a premios distintos dos especificados no paragrafo anterior que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculados á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos, esixiranse, conforme á súa respectiva normativa, pola Administración do Estado ou pola Xunta de Galiza, segundo que o pagador dos mesmos teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en territorio común ou galego.

Na exacción das retencións e ingresos a conta a que se refire este apartado, a Xunta de Galiza aplicará idénticos tipos aos de territorio común.

Artigo 11.Outros pagamentos á conta.

Un. As retencións e ingresos á conta correspondentes a rendementos derivados do arrendamento e subarrendamento de bens inmobles esixiranse, consonte a súa respectiva normativa, pola Xunta de Galiza cando o obrigado a reter ou a ingresar á conta teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en Galiza.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dous. As retencións e ingresos á conta por cantidades aboadas a entidades e que, en virtude do réxime de imputación de rendas, deban imputarse a contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas esixiranse pola Xunta de Galiza cando o obrigado a reter ou ingresar á conta teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en Galiza.

Artigo 12. Entidades en réxime de imputación e atribución de rendas.

Un. Ás entidades en réxime de imputación de rendas aplicaránselle as normas establecidas na sección 3.ª deste capítulo. Para a exacción das bases imputadas ós seus socios, teranse en conta as normas do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre a renda de non residentes ou do imposto sobre sociedades a que se refire este concerto, segundo o imposto polo que tributen.

Dous. Nos supostos de atribución de rendas, a xestión e inspección dos entes sometidos ó devandito réxime corresponderalle á Administración do seu domicilio fiscal.

Para a exacción da renda atribuída ós seus socios, comuneiros ou partícipes, aplicaranse as normas do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre a renda de non residentes ou do imposto sobre sociedades a que se refire este concerto, segundo o imposto polo que tributen.

Artigo 13. Eficacia dos pagamentos á conta.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para efectos da liquidación do imposto sobre a renda do perceptor, terán validez os pagamentos á conta que se realizasen nun e noutro territorio, sen que iso implique, en caso de que os devanditos pagamentos se ingresasen en Administración non competente, a renuncia da outra a percibila cantidade a que tivese dereito, podendo reclamarlla á Administración na que se ingresase.

SECCIÓN 3.ª IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Artigo 14. Normativa aplicábel.

Un. O Imposto sobre Sociedades é un tributo concertado de normativa autónoma para os suxeitos pasivos que teñan o seu domicilio fiscal en Galiza.

No entanto, os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7 millóns de euros, e en dito exercicio realizasen en territorio común o 75 por 100 ou máis do seu volume de operacións, quedarán sometidos á normativa de dito territorio.

Así mesmo, será de aplicación a normativa autónoma aos suxeitos pasivos cuxo domicilio fiscal radique en territorio común, o seu volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7 millóns de euros e realizasen a totalidade das súas operacións en Galiza.

Dous. Entenderase por volume de operacións o importe total das contraprestacións, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido e o recargo de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

equivalencia, no seu caso, obtido nun exercicio polo suxeito pasivo nas entregas de bens e prestacións de servizos realizadas na súa actividade.

Terán a consideración de entregas de bens e prestacións de servizos as operacións definidas como tais na lexislación reguladora do Imposto sobre o Valor Engadido.

Se o exercicio anterior fose inferior a un ano, o volume de operacións a que se refire ao apartado Un anterior será o resultado de elevar ao ano as operacións realizadas durante o exercicio.

Tres. Aos efectos do previsto nesta Sección, entenderase que un suxeito pasivo opera nun ou outro territorio cando, de acordo cos criterios establecidos no artigo 16, realice neles entregas de bens ou prestacións de servizos.

Catro. No suposto de inicio da actividade atenderase ao volume das operacións realizadas no primeiro exercicio, e se este fose inferior a un ano, o volume de operacións será o resultado de elevar ao ano as operacións realizadas durante o exercicio.

Ata que se coñezan o volume e o lugar de realización das operacións neste exercicio, tomaranse como tales, para todos os efectos, os que o suxeito pasivo estime en función das operacións que prevexa realizar durante o exercicio de inicio da actividade.

Artigo 15. Exacción do Imposto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un. Corresponderá de forma exclusiva á Xunta de Galiza a exacción do Imposto sobre Sociedades dos suxeitos pasivos que teñan o seu domicilio fiscal en Galiza e o seu volume de operacións no exercicio anterior non houber excedido de 7 millóns de euros.

Dous. Os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7 millóns de euros tributarán, calquera que sexa o lugar en que teñan o seu domicilio fiscal, á Xunta de Galiza, á Administración do Estado ou a ambas Administracións en proporción ao volume de operacións realizado en cada territorio durante o exercicio.

A proporción do volume de operacións realizada en cada territorio durante o exercicio determinarase por aplicación das regras que se establecen no artigo seguinte e expresarase en porcentaxe redondeada con dúas decimais.

Artigo 16. Lugar de realización das operacións.

Entenderanse realizadas en Galiza as operacións seguintes:

A) Entregas de bens:

1.º As entregas de bens mobles corporais cando a posta á disposición do adquirente se realice desde territorio galego. Cando os bens deban ser obxecto de transporte para a súa posta á disposición do adquirente, as entregas entenderanse realizadas no lugar en que se atopen aqueles no momento de iniciarse a expedición ou o transporte. Esta regra terá as seguintes excepcións:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Se se trata de bens transformados por quen realiza a entrega, entenderase efectuada esta no territorio galego se se realizou no devandito territorio o último proceso de transformación dos bens entregados.

b) Se se trata de entregas con instalación de elementos industriais fóra de Galiza, entenderanse realizadas en territorio galego se os traballos de preparación e fabricación se efectúan no devandito territorio e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por 100 do total da contraprestación. Correlativamente, non se entenderán realizadas en territorio galego as entregas de elementos industriais con instalación no devandito territorio, se os traballos de preparación e fabricación dos devanditos elementos se efectúan en territorio común e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por 100 do total da contraprestación.

2.º As entregas realizadas polos produtores de enerxía eléctrica, cando radiquen en territorio galego os centros xeradores dela.

3.º As entregas de bens inmobles cando os bens estean situados en territorio galego.

B) Prestacións de servizos:

1.º As prestacións de servizos entenderanse realizadas en territorio galego, cando se efectúen desde o devandito territorio.

2.º Exceptúanse do disposto no punto anterior as prestacións directamente relacionadas con bens inmobles, as cales se entenderán realizadas en Galiza cando os devanditos bens radiquen en territorio galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.º Así mesmo, exceptúanse do disposto nos puntos anteriores as operacións de seguro e capitalización, respecto das cales se aplicarán as regras contidas no artigo 32 deste concerto económico.

C) Malia o disposto nas letras A) e B) anteriores, entenderanse realizadas en Galiza as operacións que a continuación se especifican, cando o suxeito pasivo que as realice teña o seu domicilio fiscal en territorio galego:

1.º As entregas realizadas por explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras e armadores de buques de pesca de produtos naturais non sometidos a procesos de transformación que procedan directamente dos seus cultivos, explotacións ou capturas.

2.º Os servizos de transporte, mesmo os de mudanza, remolque e guindastre.

3.º Os arrendamentos de medios de transporte.

D) As operacións que, consonte os criterios establecidos neste artigo, se consideren realizadas no estranxeiro, atribuiranse a unha ou a outra Administración en igual proporción có resto das operacións.

E) As entidades que non realicen as operacións previstas no parágrafo segundo do punto dous do artigo 14 tributarán á Xunta de Galiza cando teñan o seu domicilio fiscal en territorio galego.

Artigo 17. Pagamentos á conta do imposto.

Un. As retencións e ingresos á conta do imposto sobre sociedades corresponderán a unha ou outra Administración, conforme os criterios establecidos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para tal efecto neste concerto para o imposto sobre a renda das persoas físicas. Así mesmo, será de aplicación o disposto no artigo 13 respecto da eficacia dos pagamentos á conta realizados nunha ou noutra Administración.

Dous. Os suxeitos pasivos que deban tributar a ámbalas administracións ingresarán o pagamento fraccionado do imposto en proporción ó volume de operacións realizado en cada territorio. Para estes efectos, aplicarase a proporción determinada na última declaración-liquidación do imposto.

Malia o disposto no parágrafo anterior poderase aplicar, logo de comunicación á Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa prevista na sección 2.ª do capítulo III deste concerto económico, unha proporción diferente nos seguintes supostos:

a) Fusión, escisión, achega de activos e troco de valores.

b) Inicio, cesamento, ampliación ou redución de actividade en territorio común ou galego que implique unha variación significativa da proporción calculada segundo o criterio especificado no primeiro parágrafo deste punto. En todo caso, considerarase que a variación é significativa cando supoña a alteración de 15 ou máis puntos porcentuais na proporción aplicábel a calquera dos territorios.

Tres. O pagamento fraccionado efectivamente satisfeito a cada Administración deducirase da parte da cota que lle corresponda a esta.

Artigo 18. Xestión do imposto nos supostos de tributación a ámbalas administracións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos casos de tributación a ámbalas administracións aplicaranse as seguintes regras:

A) O resultado das liquidacións do imposto imputaranse ás administracións do Estado e de Galiza en proporción ó volume de operacións realizado nun e noutro territorio en cada período impositivo.

B) Os suxeitos pasivos que deban tributar a ámbalas administracións presentarán ante elas, dentro dos prazos e coas formalidades regulamentarias, as declaracións-liquidacións procedentes nas que constarán, en todo caso, a proporción aplicábel e as cotas ou devolucións que resulten ante cada unha das administracións.

C) As devolucións que procedan serán efectuadas polas respectivas administracións na proporción que a cada unha lle corresponda.

Artigo 19. Inspección do Imposto.

Un. A inspección do Imposto realizarase pola Xunta de Galiza cando o suxeito pasivo teña o seu domicilio fiscal en Galiza.

No entanto, a inspección dos suxeitos pasivos cuxo volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7 millóns de euros e en dito exercicio realizasen en territorio común o 75 por 100 ou máis do seu volume de operacións corresponderá á Administración do Estado.

Así mesmo, a inspección dos suxeitos pasivos cuxo domicilio fiscal radique en territorio común, o seu volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

millóns de euros e realizasen a totalidade das súas operacións en territorio galego, realizarase pola Xunta de Galiza.

Dous. As actuacións inspectoras axustaranse á normativa da Administración competente, de acordo co previsto no apartado anterior, sen prexuízo da colaboración do resto das Administracións.

Se como consecuencia das actuacións inspectoras resultase unha débeda a ingresar ou unha cantidade a devolver que corresponda a ambas Administracións, o cobro ou o pago correspondente será efectuado pola Administración actuante, sen prexuízo das compensacións que entre aquelas procedan. Os órganos da inspección competente comunicarán os resultados das súas actuacións ao resto das Administracións afectadas.

Tres. As proporcións fixadas nas comprobacións pola Administración competente terán efectos fronte ao suxeito pasivo en relación coas obrigacións liquidadas, sen prexuízo das que, con posterioridade a ditas comprobacións, se acorden con carácter definitivo entre ambas Administracións.

Artigo 20. Agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas e grupos fiscais.

Un. O réxime tributario das agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas corresponderalle a Galiza cando a totalidade das entidades que as integren estean suxeitas a normativa galega.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas entidades imputarán ós seus socios a parte correspondente do importe das operacións realizadas nun e noutro territorio, que será tida en conta por estes para determina-la proporción das súas operacións.

Dous.

1. Os grupos fiscais estarán suxeitos ao réxime de consolidación fiscal galego cando a sociedade dominante e tódalas dependentes estivesen suxeitas a normativa galega en réxime de tributación individual, e estarán suxeitos ó réxime de consolidación fiscal de territorio común cando a sociedade dominante e tódalas dependentes estivesen suxeitos ó réxime tributario de territorio común en réxime de tributación individual. Para estes efectos, considerararanse excluídas do grupo fiscal as sociedades que estivesen suxeitas á outra normativa.

En todo caso, aplicarase idéntica normativa á establecida en cada momento polo Estado para a definición de grupo fiscal, sociedade dominante, sociedades dependentes, grao de dominio e operacións internas do grupo.

2. Para a aplicación do réxime de consolidación fiscal dos grupos fiscais seguiranse as regras seguintes:

Primeira. As sociedades integrantes do grupo presentarán, de conformidade coas normas xerais a que se refire este concerto, a declaración establecida para o réxime de tributación individual.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a sociedade dominante presentará a cada unha das administracións os estados contábeis consolidados do grupo fiscal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segunda. O grupo fiscal tributará a unha e a outra Administración en función do volume de operacións realizado nun e noutro territorio.

Para estes efectos, o volume de operacións realizado en cada territorio estará constituído pola suma ou agregación das operacións que cada unha das sociedades integrantes do grupo fiscal efectúen nel, antes das eliminacións intergrupo que procedan.

SECCIÓN 4.ª IMPOSTO SOBRE A RENDA DE NON RESIDENTES

Artigo 21.Normativa aplicábel.

Un. O imposto sobre a renda de non residentes é un tributo concertado que se rexerá polas mesmas normas substantivas e formais cás establecidas en cada momento polo Estado.

Malia o anterior, ós establecementos permanentes domiciliados en Galiza de persoas ou entidades residentes no estranxeiro seralles de aplicación a normativa autónoma deste imposto de acordo co establecido no artigo 14.

Cando o contribuínte exerza a opción de tributación polo imposto sobre a renda das persoas físicas, por cumpri-los requisitos previstos na normativa reguladora do imposto sobre a renda de non residentes, para efectos da aplicación do réxime opcional, será tida en conta a normativa da Xunta de Galiza por razón do territorio, sempre e cando os rendementos do traballo e de actividades económicas obtidos en territorio galego representen a maior parte da totalidade de renda obtida en España. No caso de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que o contribuínte teña dereito á devolución, esta será satisfeita pola Xunta de Galiza con independencia do lugar de obtención das rendas dentro do territorio español.

Dous. Entenderase que unha persoa física ou unha entidade opera mediante establecemento permanente cando por calquera título dispoña, de forma continuada ou habitual, de instalacións ou lugares de traballo de calquera índole, nos que se realice toda ou parte da súa actividade, ou actúe nel por medio dun axente autorizado para contratar, en nome e por conta do suxeito pasivo non residente, que exerza habitualmente os devanditos poderes.

En particular, entenderase que constitúen establecemento permanente as sedes de dirección, as sucursais, as oficinas, as fábricas, os talleres, os almacéns, tendas ou outros establecementos, as minas, os pozos de petróleo ou de gas, as canteiras, as explotacións agrícolas, forestais ou pecuarias ou calquera outro lugar de exploración ou de extracción de recursos naturais, e as obras de construción, instalación ou montaxe cunha duración que exceda de doce meses.

Artigo 22. Exacción do Imposto.

Un. Cando se graven rendas obtidas mediante establecemento permanente, a exacción do Imposto corresponderá a unha ou outra Administración ou a ambas conxuntamente, nos termos especificados no artigo 15 anterior.

Dous. Cando se graven rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, a exacción do Imposto corresponderá á Xunta de Galiza, cando as rendas enténdanse obtidas ou producidas en Galiza por aplicación dos seguintes criterios:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Malia o disposto na disposición transitoria anterior, os órganos previstos no capítulo III deste concerto económico coñecerán, consonte os procedementos e competencias que neste se lle atribúen, de tódolos asuntos que estean pendentes de resolución entre as dúas administracións no momento da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria cuarta.

O réxime tributario aplicábel ás agrupacións de interese económico e ás unións temporais de empresas constituídas con anterioridade á entrada en vigor deste concerto económico será o correspondente a Galiza cando non superen o seu ámbito territorial.

Disposición transitoria quinta.

Entrementres non se modifique o actual réxime de fabricación e comercio dos elaborados do tabaco, o axuste para o imposto especial de fabricación de elaborados de tabaco, recollido no artigo 54 deste concerto económico, será o resultante de aplicala seguinte expresión matemática:

RFG = RRG+c' * RRTC [(1—c') * RRG]

Sendo:

RFG = Recadación final anual para Galiza por elaborados de tabaco.

RRG = Recadación real anual de Galiza por labores de tabaco.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

RRTC = Recadación real anual do territorio común por elaborados de tabaco.

c' = Elaborados do tabaco subministrados a expendedorías de tabaco e timbre situadas en Galiza / Elaborados de tabaco subministrados a expendedorías de tabaco e timbre situadas en territorio de aplicación do imposto

Disposición transitoria sexta.

As devolucións parciais no Imposto sobre Hidrocarburos derivadas do establecemento do tipo reducido especial ao gasóleo utilizado como carburante para fins profesionais que autoriza a Directiva 2003/96/CE do Consello, de 27 de outubro de 2003, pola que se reestrutura o réxime comunitario de imposición dos produtos enerxéticos e da electricidade, efectuaranse pola Administración correspondente ao domicilio fiscal do beneficiario de ditas devolucións.

Disposición transitoria sétima.

As devolucións extraordinarias do Imposto sobre Hidrocarburos para agricultores e gandeiros derivadas da aplicación de medidas para paliar o incremento de custos dos insumos na produción sufridos no sector agrario, efectuaranse pola Administración correspondente ao domicilio fiscal do beneficiario de ditas devolucións.

Disposición transitoria oitava.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2014 12:48
Nº Rexistro: 25476
Data envio: 30/07/2014 12:48:52.624

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando, conforme á disposición adicional quinta da Lei 28/2006, de 18 de xullo, de Axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, se proceda á transformación dalgún organismo autónomo ou entidade pública empresarial en axencia, aplicarase, respecto das mesmas, o réxime de competencias previsto no artigo 7 para os organismos autónomos e entidades públicas empresariais.

Disposición derradeira única.

A derrogación ou modificación, se é o caso, das normas do concerto económico aplicábeis ós diferentes tributos entenderanse sen prexuízo do dereito das administracións respectivas a esixiren, consonte os puntos de conexión entón vixentes, as débedas esixíbeis con anterioridade.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 30/07/2014 12:48:15

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 07.06.2016 Hora: 10:00

Orde do día

2. Comparecencias en pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 50894(09/CPP-000441)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da aposta pola mellora do ensino non universitario de Galicia a través do Fondo do Superávit de Responsabilidade

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
26 MAI. 2016
Núm. 50894

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
26 MAI. 2016
SAÍDA
Num. 851

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para informar **"da aposta pola mellora do ensino non universitario de Galicia a través do Fondo do Superávit de Responsabilidade".**

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS · PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 07.06.2016 Hora: 10:00

Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 50943(09/MOC-000185)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das reválidas de educación primaria previstas na LOMCE, o seu desenvolvemento normativo e o seu calendario de implantación. (Moción, a consecuencia da Interpelación n°. 49935, publicada no BOPG n°. 640, do 04.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 13:35
Nº Rexistro: 50943
48.381

GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova
BNG
equo

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado **Ramón Vázquez Díaz**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a **Interpelación** debatida na sesión plenaria celebrada o día 25 de maio 2016, sobre a aplicación das Reválidas LOMCE de Educación Primaria aplicadas nos Centros Ensino de Galicia. 49.935 (09/INT-001931)

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1- Asumir a falla de validez das Reválidas de Educación Primaria aplicadas este curso debido ao sesgo producido pola falla de representatividade dos datos obtidos de cada centro como consecuencia dos elevados e diferentes índices de abstención na realización da proba e en consecuencia, desbotar os resultados dos cuestionarios e as conclusións que destes puideran derivarse.

2- Solicitar a convocatoria urxente da Mesa Sectorial de Educación co fin de abordar a supresión do calendario de aplicación da Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade do Ensino (LOMCE).

3- Paralizar o desenvolvemento normativo da LOMCE en Galicia e de cantas medidas se desprendan da aplicación da devandita Lei para o vindeiro curso 2016/2017.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2016.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 13:35
Nº Rexistro: 50943
Data envio: 27/05/2016 13:35:48.381

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz
Deputado do G.P. da AGE
Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 27/05/2016 13:34:43

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 27/05/2016 13:34:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 50944(09/MOC-000186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos incendios forestais. (Moción, a consecuencia da Interpelación n°. 50253, publicada no BOPG n°. 642, do 11.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 13:57
Nº Rexistro: 50944
Data envio: 27/05/2016 13:57:47.975

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Pablo García García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 24 e 25 de maio de 2016, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais (09/INT-001948, doc. núm. 50253)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cambiar, de xeito progresivo, a tendencia practicada nos últimos anos primando nas políticas e tamén orzamentariamente as labores de prevención fronte as de extinción.

2. Elaborar en conxunto cos axentes implicados no sector un plan plurianual calendarizado e orzamentado, de prevención de incendios forestais.

- Recoñecemento en dito plan con medidas concretas do papel que desempeñan ou poden desempeñar os/as agricultores, gandeiros/as e propietarios/as forestais como principais activos de prevención de incendios, a través do desenvolvemento da súa actividade.

- Diferenciando claramente a prevención dunha forma máis estrutural dos meros desbroces dos espazos públicos, e realizando estes traballos ó longo de todo e non nos meses de maior risco de incendios.

- Que contemple planes específicos de prevención para os nosos espazos naturais con algún tipo de protección.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 13:57
Nº Rexistro: 50944
Data envio: 27/05/2016 13:57:47.975

3. Apostar decididamente por un servizo de extinción público, profesionalizado, co recoñecemento da súa labor e os seus dereitos laborais (empezando por recoñecerlle a súa categoría profesional) e garantindo a súa sustentabilidade, eficacia e seguridade. Este modelo é incompatible co modelo impulsado por este Goberno baseado nas brigadas municipais case en exclusiva.

4. Contar coas Comunidades de Montes Veciñais, e colaborar con elas como elementos imprescindibles en calquera política de valorizacións dos nosos montes. Desenvolver figuras verdadeiramente efectivas que permitan o agrupamento e a explotación dos nosos montes diante do fracaso das SOFOR impulsadas por este Goberno.

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2016

Asdo.: Pablo García García
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 27/05/2016 13:42:11

Jose Luis Méndez Romeu na data 27/05/2016 13:42:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 50945(09/MOC-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación n°. 37062, publicada no BOPG n°. 464, do 20.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 50945
Data envio: 27/05/2016 14:16:13.756

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da súa deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de maio, sobre a avaliación do funcionamento e das carencias do actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galiza (doc. núm. **37062**, [**09/INT-001375**]).

Moción

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a adoptar as seguintes medidas en relación coas eivas no sistema de emerxencias que puxo, unha vez máis, de manifesto o incendio na fábrica de Fandicosta en Moaña:

1.- Analizar de xeito pormenorizado o operativo realizado por parte dos intervintes, no incidente que afectou a Fandicosta, no tocante á intervención dos equipos de extinción de incendios, co obxecto de poder corrixir as eivas detectadas, ou procurar correccións que se poidan formular. Para tal fin é preciso contar coas transcricións rexistradas no CAE112 (versión completa e non a restrinxida) que se remitirán a este Parlamento no prazo de 15 días.

2.- Atender as consideracións e solicitudes realizadas por todo o persoal que interveu e dos equipos de emerxencias que conclúen que o protocolo de actuación empregado (que de xeito férreo e profesional seguiron os operadores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 50945
Data envio: 27/05/2016 14:16:13.756

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do CAE112) ten moitas carencias que non contribuíron á obtención dos resultados óptimos que se poderían acadar en caso de ser outras as liñas de coordinación. En consecuencia constituír unha comisión ou grupo de traballo para revisar e reformular a totalidade dos protocolos coa participación dos profesionais que participan nas emerxencias día e día e que se teña en conta a súa opinión e as súas achegas.

3.- Dar cumprimento inmediato ao disposto na Disposición Adicional Terceira da Lei 5/2007 de emerxencias de Galiza para a través das seguintes actuacións:

3.1. Homoxeneización do servizo, para evitar as diferenzas sangrantes de atención entre veciños simplemente por vivir a un lado ou outro dun marco imaxinario, para o cal se establecerá unha negociación cos concellos e deputacións, con competencias compartidas neste ámbito.

3.2. Reordenación territorial e da estrutura operativa dos distintos servizos de emerxencias, para que non se produzan dúbidas sobre quen acode, nin a quen mobilizar cando é claro que os tempos de resposta ou os medios do servizo correspondente non son adecuados ás necesidades derivadas da gravidade do sinistro.

4.- Acelerar a elaboración do regulamento do Bombeiro, que é a ferramenta clave para que, cando bombeiros de distintos ámbitos coincidan nun sinistro, saiban en que lugar da escala está cada quen, a coordinación sexa natural, e o resultado da intervención conxunta sexa maior que a suma dos resultados das intervencións descoordinadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 50945
Data envio: 27/05/2016 14:16:13.756

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Retomar e axilizar as accións de cara a poñer en marcha o `Estatuto do Bombeiro´ en colaboración cos profesionais do sector e tendo en conta as súas achegas.”

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2016

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 27/05/2016 14:15:34

Ana Belén Pontón Mondelo na data 27/05/2016 14:15:40

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 07.06.2016 Hora: 10:00

Orde do día

4. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 38914(09/PNP-002835)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a cobertura das vacacións do persoal do Sergas, así como as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro

Publicación da iniciativa, 510, 28.08.2015

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2015 13:45
Nº Rexistro: 38914
Data envio: 16/07/2015 13:45:11.678

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova equo

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para debate en **Pleno,** relacionada coa cobertura de vacacións do persoal do SERGAS durante os meses de verán así coma do peche de camas nos centros hospitalarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No verán é xa unha costume que a Consellería de Sanidade leve a cabo peches de camas nos hospitais da rede pública, algo realmente incomprensible cando non se están a tomar medidas para atallar as listas de espera cirúrxicas ou cando existen antecedentes abondo de colapsos nas urxencias por falla de camas dispoñibles. Son moitas tamén as consultas que pechan durante o tempo que os/as profesionais responsables desfrutan das súas vacacións, incluídas en atención primaria, o que se traduce nunha lista de espera non declarada.

No caso dos servizos hospitalarios, tampouco queda claro o criterio seguido para os peches, que semella máis ben aleatorio ou alomenos non dependente de criterio clínico, social e sanitario.

Estes peches, coma AGE xa ten denunciado, teñen coma finalidade a non cobertura dos permisos vacacionais de grande parte do persoal, aforrándose a Xunta de Galicia o custe das sustitucións. Polo tanto, inciden no paro que xa sofren de base as e os profesionais sanitarios eventuais e na perda de dereitos laborais de aquelas e aqueles con praza en propiedade, ao seren obrigadas e obrigados en moitos casos a cubrir ausencias de outras persoas.

Esta situación agrávase cada ano, xa que dende a entrada do Partido Popular na xestión do Goberno, vense producindo un incremento anual do número de camas pechadas nos meses de verán. Por outra banda resulta inadmisible a negativa por parte do goberno a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2015 13:45
Nº Rexistro: 38914
Data envio: 16/07/2015 13:45:11.678

facilitar datos relativos a esta situación ás deputadas e deputados da Cámara. O pasado ano AGE xa solicitou sen éxito os datos sobre os permisos cubertos con persoal eventual. O ocultamento de estes datos por parte da Xunta ao Parlamento galego e secundariamente ás galegas e galegos resulta un asunto moi grave incompatible coa defensa da democracia.

Dados estes antecedentes, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) realiza a seguinte **Proposición non de lei:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Informar ao propio Parlamento do número de camas que van ser pechadas en xuño, xullo, agosto e setembro en cada hospital da rede pública; así coma dos diferentes servizos nos que se realiza o peche e os criterios seguidos para a decisión.

2.- Informar ao Parlamento do número de profesionais que desfrutan as vacacións en cada categoría nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para cada EOXI; así coma de cantas de estas van ser cubertas con persoal eventual e os criterios seguidos para a decisión.

3.- Non pechar camas nos hospitais galegos nin consultas de AP e AE namentras exista lista de espera ou/e demanda asistencial dos servizos.

4.- Cubrir as vacacións do persoal fixo dos servizos con persoal eventual.

Compostela, 16 de xullo de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2015 13:45
Nº Rexistro: 38914
Data envio: 16/07/2015 13:45:11.678

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/07/2015 13:44:24

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/07/2015 13:44:33

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 40465(09/PNP-002943)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e 2 máis

Sobre a posta en servizo por parte da Xunta de Galicia do novo acceso ao porto de Burela no ano 2016

Publicación da iniciativa, 515, 09.09.2015

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2015 11:13
Nº Rexistro: 40465
Data envio: 02/09/2015 11:13:11.354

grupo parlamentario de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados Alejandro Gómez Alonso, José Manuel Balseiro Orol e Vidal Martínez-Sierra López, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

O novo acceso ao porto de Burela que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está a executar permitirá optimizar as comunicacións ao reducir o tráfico pesado no centro de Burela.

Trátase dunha infraestrutura estratéxica, que evitará a circulación de máis de 400 vehículos pesados ao día polo núcleo urbano de Burela e facilitará a entrada e saída ás instalacións portuarias, o que mellorará a seguridade na zona e reforzará a competitividade das instalacións portuarias.

As obras para dotar ao porto de Burela dun novo acceso supoñen un investimento de 8 millóns de euros. A nova vía de 1,26 quilómetros, enlazará coa Avenida da Mariña na zona portuaria, á altura da nova lonxa.

Actualmente o acceso á zona portuaria realízase atravesando o núcleo urbano da vila, coas molestias e a perigosidade que isto supón, tanto para os usuarios do porto como para os propios veciños do municipio.

Polo que estamos ante una infraestrutura que favorecerá a actividade económica e contribuirá a incrementar a competitividade da comarca da Mariña.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2015 11:13
Nº Rexistro: 40465
Data envio: 02/09/2015 11:13:11.354

grupo parlamentario de Galicia

Por este motivo,

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en servizo o acceso ao Porto de Burela no ano 2016".

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/09/2015 11:03:10

Alejandro Gómez Alonso na data 02/09/2015 11:03:19

José Manuel Balseiro Orol na data 02/09/2015 11:03:44

Vidal Martínez-Sierra López na data 02/09/2015 11:03:55

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 47685(09/PNP-003463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio e 2 máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central das medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as actividades culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo da Unión Europea que permita a súa harmonización

Publicación da iniciativa, 609, 02.03.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2016 17:54
Nº Rexistro: 47685
Data envio: 23/02/2016 17:54:40.291

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Emilio Vázquez Blanco, Ricardo Vicente Docasar Docasar e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

En xullo do 2012 o Goberno do Partido Popular impuxo unha suba xeneralizada do tipo impositivo do IVE, que ademais implicaba o cambio da consideración sobre os bens e servizos culturais, con excepción do libro, que se mantivo. Así, a partires do 1 de setembro so 2012, actividades como o cine, o teatro e as obras plásticas, sufriron un incremento de 13 puntos no IVE, pasando do 8 % ao 21 %. Con esta decisión, España situouse na franxa máis alta de Europa, precisamente nun país no que a cultura xera preto do 4 % do PIB, sendo en Galicia o 2 %, colocando á cidadanía en clara desvantaxe para acceder a ela.

Dende un primeiro momento sucedéronse as advertencias, que sinalaban claramente, que a desorbitada suba do IVE á cultura tería consecuencias moi negativas sobre o sector, así como o enorme dano que se infrinxía á nosa cultura. Creadores, artistas, produtores e distribuidores asistiron con desazón, a un vaivén de declaracións sobre a súa posible rectificación, cando a recuperación económica chegase. A realidade é que fronte ao reiteradamente afirmado e demandado polo conxunto da sociedade española, o IVE cultural, segue a ser o máis alto de Europa.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a que adopte as medidas precisas para rebaixar o tipo de IVE ás actividades culturais como, cine, teatro e música, e impulsar o recoñecemento da necesidade dun IVE cultural no seno da UE que permita a súa harmonización.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2016

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2016 17:54
Nº Rexistro: 47685
Data envio: 23/02/2016 17:54:40.291

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Emilio Vázquez Blanco na data 23/02/2016 17:32:28

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 23/02/2016 17:32:50

María Concepción Burgo López na data 23/02/2016 17:33:08

Jose Luis Méndez Romeu na data 23/02/2016 17:33:13

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 48971(09/PNP-003567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema LexNet na Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, 626, 06.04.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2016 16:30
Nº Rexistro: 48971
Data envio: 30/03/2016 14:28:28.426

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Mª Soledad Soneira Tajes, Noela Blanco Rodríguez e Ricardo Vicente Docasar Docasar,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de xustiza regulou por vez primeira o expediente xudicial electrónico en España. O presidente do Estado naquel tempo era José Luis Rodríguez Zapatero.

A comezos de 2016, comezaron as notificacións telemáticas a través do sistema lexNet, mais con multitude de problemas: faltan medios persoais e materiais e estanse a producir tantas incidencias que quizais aconsellen un período de transición no que se poida simultanear a presentación telemática coa realizada en papel ata que se garanta o correcto funcionamento de lexNet.

Tal é o caos, que no Grupo Parlamentario Socialista, recollendo as demandas dos distintos sectores da Xustiza, cremos que se deberían constituír comisións de seguimento en cada Comunidade Autónoma (en Galicia tamén), para evitar que se poidan poñer en perigo os dereitos á tutela xudicial efectiva e á seguridade xurídica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un período de transición no que se poida simultanear a presentación telemática coa realizada en papel, ata que se garanta o correcto funcionamento de lexNet.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2016 16:30
Nº Rexistro: 48971
Data envio: 30/03/2016 14:28:28.426

2. Constituír comisións de seguimento en Galicia, para evitar que se poidan poñer en perigo os dereito á tutela xudicial efectiva e á seguridade xurídica.

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Mª Soledad Soneira Tajes
Noela Blanco Rodríguez
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/03/2016 14:25:32

María Soledad Soneira Tajes na data 30/03/2016 14:25:42

Noela Blanco Rodriguez na data 30/03/2016 14:25:51

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 30/03/2016 14:25:55

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/03/2016 14:26:00

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 49646(09/PNP-003624)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións de Galicia

Publicación da iniciativa, 638, 27.04.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2016 10:47
Nº Rexistro: 49646
Data envio: 15/04/2016 10:47:52.710

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Pedro M. Arias Veira, Hipólito Fariñas Sobrino, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira** e **Gonzalo Trenor López,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A compra pública innovadora é unha actuación administrativa de fomento da innovación, orientada a potenciar o desenvolvemento de solucións innovadoras desde o lado da demanda, a través do instrumento da contratación pública, coa mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens ou servizos innovadores e o fomento da innovación empresarial.

Tal é a importancia que está tendo en todos os eidos da nosa sociedade que a innovación foi incorporada nas novas Directivas Europeas de contratos públicos, aprobadas o 26 de febreiro de 2014, como unha nova política pública, ao mesmo nivel que a social ou a ambiental, que debe promoverse a través dos instrumentos contractuais.

Deste xeito, tanto a investigación como a innovación, incluídas a innovación ecolóxica e a innovación social, atópanse entre os principais motores do crecemento futuro e ocupan un lugar central da Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sustentable e integrador.

A Xunta de Galicia, consciente do papel crucial que desempeña a adquisición de bens, obras e servizos innovadores na mellora da eficiencia e a calidade dos servizos públicos, está moi implicada nesta materia, como así o reflexa a súa consideración como fórmula prioritaria na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3). De feito, Galicia é pioneira en compra pública innovadora e conta con modelos de referencia a nivel nacional e internacional, como é o caso das iniciativas HOSPITAL 2050, INNOVA-SAÚDE ou na creación dun polo industrial e tecnolóxico de referencia en avións non tripulados para aplicacións civís.

Recollendo o éxito destes e outros exemplos, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que é necesario seguir potenciando os procesos de compra pública innovadora para poder estendelos ao resto de departamentos do goberno galego, así como as institucións públicas e centros de coñecementos de Galicia.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2016 10:47
Nº Rexistro: 49646
Data envio: 15/04/2016 10:47:52.710

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Por iso, tendo en conta que a compra pública innovadora impulsa a mellora dos servizos públicos e representa un importante instrumento para dar resposta a desafíos fundamentais para a sociedade, e polo que, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a compra pública innovadora en todas as administracións galegas, como medida para promover a mellora dos servizos públicos e exercer un efecto tractor na innovación do tecido empresarial e nos centros de coñecemento galegos".

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/04/2016 10:41:54

Moisés Blanco Paradelo na data 15/04/2016 10:42:03

Pedro Manuel Arias Veira na data 15/04/2016 10:42:10

Hipólito Fariñas Sobrino na data 15/04/2016 10:42:23

Berta Pérez Hernández na data 15/04/2016 10:42:33

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/04/2016 10:42:55

Jose Francisco Santos Regueiro na data 15/04/2016 10:43:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/04/2016 10:43:12

Gonzalo Trenor Lopez na data 15/04/2016 10:43:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 49863(09/PNP-003645)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xenocidio armenio

Publicación da iniciativa, 640, 04.05.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2016 13:35
Nº Rexistro: 49863
Data envio: 25/04/2016 13:35:40.448

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno** relativa ao recoñecemento do Xenocidio Armenio**.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de abril, conmemorouse o 101 aniversario do Xenocidio Armenio.considerado o primeiro exterminio, cientificamente planificado, organizado e executado na historia contemporánea. Dende décadas, cada 24 de abril lembrase ao millón e medio de armenios masacrados pola Turquía do Imperio Otomán.

A data simboliza a decapitación estrutural do pobo armenio, que comezou na noite do 23 de abril 1915 e durante toda a madrugada do día 24, centos de intelectuais, profesionais liberais, relixiosos, e persoeiros destacados da sociedade armenia, foron desposuídos das súas casas, detidos e inmediatamente deportados para ser logo asasinados.

O inicio do xenocidio armenio, foi a posta en marcha dun plan para exterminar todo o pobo armenio do Imperio Otomán, planeado e dirixido por membros do Partido dos Mozos Turcos, cometendo un delito contra a humanidade coa deportación e execución de máis dun millón e medio de armenios, por mor da súa etnia e relixión.

Realizouse durante a Primeira Guerra Mundial entre 1915 e 1923. Despois de menos dun ano do fin da Primeira Guerra Mundial en 1918, as atrocidades

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2016 13:35
Nº Rexistro: 49863
Data envio: 25/04/2016 13:35:40.448

contra a poboación armenia foron retomadas entre 1920 e 1923, e unha vez máis os armenios foron vítimas de máis masacres e expulsións.

Máis dun millón foron deportados, desposuídos, secuestrado e torturados en 1915 e centos de miles foron masacrados no lugar. Moitos outros morreron de fame e epidemias nos campos de concentración.

A gran maioría da poboación foi desprazada de Armenia e da Anatolia cara a Siria. Milleiros foron enviados en caravanas cara ao deserto para morrer de fame e sede. Mulleres e nenos foron secuestrados e brutalmente abusados.

Máis de dez mil armenios en Turquía oriental escaparon cara á fronteira con Rusia levando unha existencia precaria como refuxiados.

A maioría dos veciños armenios en Constantinopla, a capital de Turquía, foron deportados.

En 1918, o réxime dos Mozos Turcos mantiña unha guerra no Cáucaso, onde preto de 1,8 millóns de armenios viviron baixo o dominio de Rusia. As forzas otomás avanzaron cara a Armenia do leste e do Acerbaixán, que tamén onde tamén realizando masacres sistemáticas contra o pobo armenio aumentando centos de miles de novas vítimas.

En 1923 as terras de Asia Menor e do histórico Oeste Armenia foi expurgada de toda a poboación Armenia.

A destrución das comunidades armenias nesta parte do mundo estaba completa. Toda a riqueza do pobo armenio foi expropiada, os armenios restantes foron vítimas de máis masacres e expulsións.

As autoridades turcas continúan negando e relativizando a existencia destes feitos.

Tras a Primeira Guerra Mundial, os tribunais da posguerra condenaron á morte a varios "mozos turcos" polo exterminio , baseándose en probas recollidas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2016 13:35
Nº Rexistro: 49863
Data envio: 25/04/2016 13:35:40.448

polos militares turcos e probas elaboradas por países como Estados Unidos, Reino Unido ou propia Alemaña.

As fontes contemporáneas non deixan dúbidas sobre a barbarie cometida contra a poboación armenia.

Turquía sempre negou a existencia do xenocidio armenio, a pesar de toda a evidencia, argumentando que as mortes non responden a un plan de exterminio si non que eran o resultado de conflitos interétnicos, das enfermidades e da fame, producida durante o período confuso da Primeira Guerra Mundial.

Turquía minimiza deste xeito, as evidencias das atrocidades levadas a cabo, no xenocidio contra o pobo armenio.

A recorrencia dos xenocidios do século XX e principios do XXI, fan que o recoñecemento dos crimes e atrocidades cometidas polo Estado turco contra os armenios, sexa unha obriga urxente da comunidade internacional.

O xenocidio armenio foi recoñecido por organizacións como a ONU, afirmando que os feitos referidos, son un verdadeiro exterminio segundo a Convención das Nacións Unidas sobre a prevención e represión do Crime de Xenocidio, adoptada en decembro 1948.

A Unión Europea tamén ratificou a resolución do Parlamento Europeo de xuño 1987 e resolucións posteriores, 2002, 2004, 2005 e 2015 nas que o Parlamento Europeo solicitou a Turquía que recoñecera o xenocidio de máis dun millón de armenios nas mans do Imperio Otomán, cuxo aniversario cumpriu 100 anos o pasado 24 abril do 2015.

Son moitos os países que recoñecen o Xenocidio do pobo armenio; Alemaña, Bélxica, Holanda, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Lituania, Polonia, Eslovaquia, Suecia, Suíza, o Vaticano.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2016 13:35
Nº Rexistro: 49863
Data envio: 25/04/2016 13:35:40.448

Tamén outros países non europeos; Arxentina, Canadá, Chile, Líbano, Rusia, Siria, Estados Unidos, Líbano, Rusia, Armenia, Canadá, Uruguai e Venezuela.

O Estado español non recoñeceu o xenocidio armenio, aínda que si o fixeron parlamentos autonómicos como o Parlamento de Navarra, o Parlamento Balear, o Parlamento vasco e o Parlamento de Cataluña.

O recoñecemento histórico dos crimes é necesario para que non sexan esquecidos en previsión da reincidencia, para poder curar as feridas que aínda persisten e causan unha relación tensa entre a Turquía e Armenia dificultando a reconstrución da paz.

Por todo o anteriormente exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de Lei** para o seu debate en **Pleno**:

"O Parlamento de Galicia recoñece o xenocidio armenio perpetrado por Turquía como un crime contra a humanidade e insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Goberno do Estado, a recoñecer que os feitos acontecidos á poboación armenia entre 1915 e 1923, son un verdadeiro exterminio, segundo a Convención das Nacións Unidas sobre a prevención e represión do Crime de Xenocidio, adoptada en decembro 1948.

2. Instar ao Goberno do Estado para que solicite a Turquía o recoñecemento do xenocidio armenio, crime que ocorreu no seu territorio, como un xesto de boa vontade con Armenia, para mellorar as relacións entre os dous países no contexto da cultura da Alianza das Civilizacións.

3. Solicitar á Unión Europea o papel de mediador entre os estados de Turquía e Armenia para a superación definitiva do xenocidio armenio."

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2016 13:35
Nº Rexistro: 49863
Data envio: 25/04/2016 13:35:40.448

Asdo.:
Carmen Iglesias Sueiro
Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 25/04/2016 13:35:23

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 50452(09/PNP-003703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 máis

Sobre as demandas que se deben realizar en relación co novo informe redactado pola Comisión Europea verbo do accidente ferroviario de Angrois, a composición e o funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, así como a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria de investigación ao respecto

Publicación da iniciativa, 646, 19.05.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2016 13:05
Nº Rexistro: 50452
Data envio: 11/05/2016 13:05:52.726

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e dos deputados **Daniel Rodas Chapela** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A Comisión Europea abriu en 2012 un procedemento de infracción contra o estado español por incumprimento da Directiva 2004/49/CE de Seguridade Ferroviaria. As causas deste procedemento infractor residen en que consideran que a Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF), que investigou o sinistro do Alvia, vulnera o principio de independencia que establece o artigo 21 desta directiva.

Este procedemento infractor sinala unha falta grave e ben a dar a razón tanto ás vítimas como ao propio BNG que viñamos denunciando que a CIAF era xuíz e parte e viciaba unha investigación que non buscaba a verdade, senón pensada para auto-exculpar a Adif, Renfe e Fomento.

Temos constancia de que existe un novo informe redactado pola Comisión Europea sobre o accidente do Alvia en Angrois. Este ditame ten a súa orixe na visita da Plataforma das Vítimas do Alvia a Bruxelas, organizada polo BNG, que tivo lugar o 17 de novembro de 2015. Xa neste momento se detectou que o CIAF

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2016 13:05
Nº Rexistro: 50452
Data envio: 11/05/2016 13:05:52.726

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non cumpre o requisito de independencia, pois os órganos que examinan os accidentes, son nomeados polo Ministerio de Fomento.

Desde o BNG temos un compromiso claro e firme co dereito á verdade e a xustiza para as vítimas do dramático accidente de Angrois. Defendemos que é necesario que se asuman as responsabilidades, caia quen caia, e que se adopten as medidas precisas para a garantir o fin da impunidade e asunción de responsabilidades políticas e xudiciais.

Por todo isto formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda como resolución demandar que a Comisión Europea faga público, dando traslado urxente á Plataforma das Vítimas do Alvia, o novo informe e redactado sobre o accidente do Alvia en Angrois.

O Parlamento de Galiza acorda como resolución demandar que:

-O Goberno Central revise a composición e funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF) de xeito que realmente sexa un órgano independente.

-Inicie, no marco desa nova CIAF, unha nova investigación sobre as causas e responsabilidades do terríbel accidente ferroviario de Angrois.

-Conforme ao estipulado no Regulamento do Parlamento, crear unha

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2016 13:05
Nº Rexistro: 50452
Data envio: 11/05/2016 13:05:52.726

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comisión de investigación sobre o accidente ferroviario de Angrois.”

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2016

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Daniel Rodas Chapela

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 11/05/2016 13:02:01

Daniel Rodas Chapela na data 11/05/2016 13:02:07

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/05/2016 13:02:12

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 50668(09/PNP-003722)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dunha comisión de investigación respecto do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois

Publicación da iniciativa, 649, 25.05.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2016 17:32
Nº Rexistro: 50668
Data envio: 18/05/2016 17:32:49.506

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · ecosocialista galego · equo

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado**, **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso** e da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O accidente do tren Alvia do pasado 24 de xullo de 2013, nas inmediacións de Santiago de Compostela, é unha das maiores traxedias da historia ferroviaria do Estado.

Todas as vítimas do accidente do Alvia, en Angrois, seguen demandando, case 3 anos despois do descarrilamento, que se asuman responsabilidades políticas por un accidente que hoxe sabemos que puido terse evitado.

Compre investigar se houbo presións para cambiar o proxecto orixinal en 2010, cando era Ministro José Blanco; compre investigar por que se desconectou o sistema de condución automática ERTMS en xuño 2012 en base a que xeraba retrasos; compre investigar por que Fomento, Renfe e ADIF venderon a liña de Alta Velocidade Ourense-Santiago dicindo que "contaba coa maior seguridade, a última tecnoloxía e sistemas de condución automática"; compre investigar se houbo atrancos políticos para que Adif e Renfe colaborasen axeitadamente coa Xustiza e, compre investigar o incumprimento sistemático das normas de seguridade ferroviaria da UE como son a falta de independencia dos órganos de investigación, falta de avaliación do risco humano, normativa de seguridade etc.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2016 17:32
Nº Rexistro: 50668
Data envio: 18/05/2016 17:32:49.506

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

- O Parlamento insta á Xunta de Galicia a crear unha Comisión de Investigación encol do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 18/05/2016 17:30:58

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 18/05/2016 17:31:06

Ramón Vázquez Díaz na data 18/05/2016 17:31:11

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 18/05/2016 17:31:14

Eva Solla Fernández na data 18/05/2016 17:31:18

Jose Javier Ron Fernandez na data 18/05/2016 17:31:23

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 07.06.2016 Hora: 10:00

Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 3778(09/INT-000169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do incumprimento dos compromisos electorais en materia de servizos e emprego públicos e as previsións respecto da rectificación da política que está a seguir ao respecto

Publicación da iniciativa, 58, 26.02.2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2013 13:26
Nº Rexistro: 3778
Data envio: 14/02/2013 13:26:49.196

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Beatriz Sestayo Doce, Marisol Soneira Tajes, e **Vicente Docasar Docasar**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Grupo Parlamentario Socialista ten denunciado en infinidade de ocasións a utilización, por parte do presidente Feijoo e de diferentes representantes do PP, da mentira como instrumento invariable da súa política. Diariamente amósanse exemplos do que vén constituíndo práctica frecuente do Goberno autonómico.

Esta práctica foi usada e «abusada» por Feijoo na campaña electoral. Entre os moitos compromisos electorais houbo un sinaladamente repetido, ao afirmar que «os empregados públicos xa tiñan sufrido moito, polo que Feijoo se comprometía a non aplicarlle novos sacrificios ou recortes. O certo é que esa promesa, como tantas, fíxose anacos aos poucos días de tomar posesión. De feito o Goberno galego anunciaba novos recortes retributivos; así como procedía a vulnerar o convenio do persoal da Xunta, de xeito fragrante e unilateral.

Pero o «acoso político» sobre os empregados e empregadas públicas continua. A folla de ruta invariable de destrución dos servizos públicos co fin de proceder á súa privatización e ao desmantelamento do estado de benestar, vencellado a unha profunda ideoloxía neoliberal que caracteriza a toda a Dereita galega e española nos seus gobernos, continúa ata o imposible. O Goberno galego vén de anunciar a amortización de 251 postos de traballo en servizos públicos absolutamente esenciais para a nosa sociedade. Os postos de traballo a amortizar destacan pola súa propia esencia no servizo público como son residencias de anciáns, centros de atención á discapacidade, equipos de valoración de discapacidade, oficinas de emprego, centros xuvenís .... todos eles postos cunha repercusión social indiscutible e absolutamente imprescindibles para o mantemento do Estado de Benestar e de cohesión social.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2013 13:26
Nº Rexistro: 3778
Data envio: 14/02/2013 13:26:49.196

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Baixo a falsa escusa da austeridade o Goberno amortiza postos de traballo esenciais para as persoas mentres crea máis postos directivos.

En virtude do exposto as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos.

1.ª) A cantos postos de traballo afectan as novas medidas, e a cales en concreto?

2.ª) Como valora a fraude electoral cometida polo Goberno incumprindo o comprometido durante a campaña electoral?

3.ª) Como valora a supresión de empregos públicos esenciais en centros claramente vencellados ao Estado de Benestar?

4.ª) Pensa rectificar o Goberno galego a súa política de desmantelamento dos servizos públicos e do emprego público?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2013

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 14/02/2013 13:22:12

María Soledad Soneira Tajes na data 14/02/2013 13:22:29

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/02/2013 13:22:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 42684(09/INT-001623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais

Publicación da iniciativa, 539, 21.10.2015

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2015 17:35
Nº Rexistro: 42684
Data envio: 13/10/2015 17:35:08.309

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e **José Antonio Sánchez Bugallo**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Consellería de Facenda da Xunta de Galicia fixera un diagnóstico da situación socieconómica e territorial da nosa Comunidade Autónoma, co fin de elaborar o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Había varios parámetros e, en relación á calidade das augas, o diagnóstico dicía:

1. Que Galicia contaba, en decembro de 2012, con estacións depuradoras no 83,33 % das aglomeracións urbanas maiores de 2.000 habitantes e no 97,44 % das maiores de 15.000.
2. E que, segundo datos de 2007, a porcentaxe de auga tratada con respecto ao total de auga residual recollida era lixeiramente inferior ao do conxunto nacional (85,26 % en Galicia, fronte ao 87,8 % do conxunto nacional).

Como os datos do diagnóstico eran de 2007 e de 2012, preguntamos ao Goberno en xuño de 2015 e en outubro recibimos a resposta:

1. Hai 47 estacións depuradoras no 83,33 % das aglomeracións urbanas maiores de 2.000 habitantes e 108 para no 97,44 % das maiores de 15.000. Mais descoñecemos que % significan estes datos.
2. E "os datos de volume de auga tratada e de auga residual recollidas dependen da xestión que fagan os concellos das súas redes de saneamento". Dependen hoxe pero non dependían en 2007? Que dato é ese?

Non estamos a falar dunha cuestión baladí.
Lembremos que a UE estableceu o obxectivo do 100 % para todos os núcleos con máis de 2.000 habitantes equivalentes a data 31 de decembro de 2005. E estamos en 2015.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2015 17:35
Nº Rexistro: 42684
Data envio: 13/10/2015 17:35:08.309

E lembremos tamén que o derradeiro informe da Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) di que España é un dos países europeos con máis zonas de baño de mala calidade, cun índice dun 3,1 % en 2014 (a media da UE é dun 2 %); que das 409 zonas de baño de mala calidade no continente, 67 corresponden a España e que, desas 67, 41 están en Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que porcentaxe de estacións depuradoras hai funcionando, a día de hoxe, nas aglomeracións urbanas maiores de 2.000 habitantes equivalentes e nas de mais de 15.000?
2. Onde están situadas unhas e outras?
3. Cal é, a día de hoxe, a porcentaxe de auga tratada con respecto ao total de auga residual recollida?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2015

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/10/2015 17:33:03

Raúl Fernández Fernández na data 13/10/2015 17:33:09

José Antonio Sánchez Bugallo na data 13/10/2015 17:33:15

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 43220(09/INT-001647)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre os resultados do acordo lácteo

Publicación da iniciativa, 545, 04.11.2015

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2015 16:43
Nº Rexistro: 43220
Data envio: 29/10/2015 16:43:03.417

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

Apenas pasado un mes da sinatura do chamado Acordo lácteo, xa se poden tirar algunhas conclusións sobre o seu funcionamento, e estas non son moi optimistas para os intereses dos gandeiros e gandeiras do noso país.

O Acordo lácteo contemplaba expresamente que a industria repercutiría en subas aos gandeiros as subas do prezo do leite aplicado polas distribuidoras. Aínda que moi pouco, o prezo do leite de marca branca subiu nalgunhas distribuidoras (non máis de 1 céntimo), pero as industrias seguen ofertando contratos aos produtores que non cumpren este compromiso.

Outros incumprimentos do Acordo lácteo teñen que ver coa falta de desenvolvemento dun modelo de contrato-tipo no seo da Interprofesional Láctea para tomar como referente no sector, ou a parálise do Ministerio á hora de regular a actividade dos primeiros compradores, os que pagan o prezo máis baixo no mercado.

Así mesmo, estanse a usar niveis de prezo de referencia para cubrir custes de produción de entre 32-33 céntimos, cando segundo o propio Ministerio o prezo mínimo para cubrir custes nunha explotación galega é de 24,9 céntimos.

Por outra banda, o Ministerio de Agricultura reuniuse recentemente co sector para avaliar estas cuestións, pero deixando fóra a varios sindicatos cunha grande representatividade entre os gandeiros do noso país.

Por todo o exposto con anterioridade o grupo de Alternativa Galga de Esquerdas formula a seguinte interpelación:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2015 16:43
Nº Rexistro: 43220
Data envio: 29/10/2015 16:43:03.417

1) Pensa a Xunta de Galicia acometer alguna acción para protexer os intereses dos gandeiros e gandeiras galegos ante a pobre realidade que deixa o chamado Acordo lácteo?

2) Cal é a valoración da Xunta de Galicia destes resultados do Acordo lácteo?

3) Vai a Xunta de Galicia defender o dereito das organizacións agrarias non convidadas polo Ministerio a poder participar nas conversas que está a abrir o propio Ministerio?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 29/10/2015 16:42:32

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 07.06.2016 Hora: 10:00

Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 50956(09/POPX-000192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a valoración da situación política actual

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 11:20
Nº Rexistro: 50956
Data envio: 30/05/2016 11:20:55.956

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Luís Méndez Romeu, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, como valora a situación política actual?

Pazo do Parlamento, 30 de xuño de 2016

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 30/05/2016 11:17:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 50984(09/POPX-000193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación social en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 50984
Data envio: 30/05/2016 14:07:29.315

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

"Señor presidente, de verdade vostede acredita nas súas propias mentiras respecto á situación social en Galiza?"

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/05/2016 14:06:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 51014(09/POPX-000194)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre o incremento da pobreza e da precariedade en Galicia nos últimos anos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 18:26
Nº Rexistro: 51014
Data envio: 30/05/2016 18:26:47.808

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova

equo

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, vicevoceiro do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** voceiro aos efectos da formulación da pregunta ao Presidente, ao abeiro do artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, dirixida ao Presidente da Xunta de Galicia**, para a súa resposta oral en Pleno.

Cal é a súa opinión sobre o feito de que durante o seu mandato se incrementase substancialmente a pobreza e precariedade na vida dos galegos e galegas, sendo xa insuficiente para vivir dignamente ter un contrato laboral?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 30/05/2016 18:26:14

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 07.06.2016 Hora: 10:00

Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 51005(09/PUP-000279)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da recente viaxe institucional do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Cuba

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 17:50
Nº Rexistro: 51005
Data envio: 30/05/2016 17:50:38.230

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Pedro Puy Fraga, deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno,** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola recente visita que acaba de rematar do Presidente da Xunta de Galicia a Cuba para coñecer a valoración do Goberno Galego do contido da viaxe en Sede Parlamentaria.

Entre os días 26 e 29 de maio o Presidente da Xunta de Galicia realizou unha visita institucional a Cuba, na que ademais de presidir o undécimo Plenario do Consello das Comunidades Galegas no Exterior que se desenvolveu no emblemático e histórico Centro Galego da Habana mantivo importantes encontros co Goberno Cubano, incluídos, o Presidente Raúl Castro, o Vicepresidente do Consello de Ministros Ricardo Cabrisas e outras autoridades.

En apenas cinco semanas o Presidente da Xunta de Galicia ven de realizar senllas viaxes institucionais do máximo nivel, tras ser recibido polos Presidentes da República Arxentina e Uruguai os pasados días 21 ao 26 de abril, o día 29 do mes de maio reuníuse con Presidente da República de Cuba, Raúl Castro. Unhas viaxes institucionais que reforzan o papel de Galicia no mundo e amosan a capacidade da nosa Comunidade Autónoma de realizar unha efectiva acción exterior, respectuosa e congruente co marco constitucional e estatutario.

Na súa viaxe á República de Cuba o Presidente presidiu o Plenario do Consello da Comunidades Galegas no exterior, no que participaron representantes de todas as comunidades galegas no exterior co fin de reforzar a Galeguidade entre os galegos que forman parte do máis de centenar de centros e casas de Galicia espalladas polo

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 17:50
Nº Rexistro: 51005
Data envio: 30/05/2016 17:50:38.230

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

mundo. Así mesmo a viaxe incluíu a participación no Foro Económico Cuba-Galicia e mantivo encontros coas autoridades cubanas ao máximo nivel acordándose a signatura dun memorando para a colaboración entre a República de Cuba e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia económica, agroalimentaria, biotecnolóxica, enerxética ou o das TIC. Así mesmo asinouse un memorando co Ministerio de Cultura de Cuba para consolidar os lazos históricos e culturais entre os pobos galego e cubano.

Por todo isto, o deputado asinante formula a seguinte pregunta oral urxente en Pleno :

Que valoración fai o Goberno de Galicia da recente viaxe do Presidente da Xunta de Galicia a República de Cuba?.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/05/2016 17:49:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 51012(09/PUP-000280)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do acordo de eximir a planta de almacenaxe e regasificadora Reganosa do trámite de avaliación ambiental

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 18:10
Nº Rexistro: 51012
Data envio: 30/05/2016 18:10:27.746

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova

equo

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández** do Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida-ANOVA),** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en pleno, con carácter de urxencia.

Xustificación da urxencia.

O Consello de Ministros do Goberno do Estado en funcións, celebrado o pasado 27 de maio, tomou o acordo de excluír da necesidade de pasar o trámite de avaliación ambiental a Reganosa

Esta decisión é propia dun Goberno que despreza o cumprimento da lei e mesmo carece da máis mínima ética democrática cando se trata de defender determinados intereses empresariais.

Incumpre claramente a lexislación que non contempla como excepcionables no artigo 8 Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, casos coma os dunha planta regasificadora, moito menos cando o obxectivo é amparar a continuidade dunha planta cuxas autorizacións foron anuladas por sentenzas firmes do Supremo, violando manifestamente a legalidade e a doutrina do Supremo e o Tribunal Constitucional.

De feito, a xurisprudencia do Tribunal Supremo, sentenza de 9 de outubro de 2012, xa tombou un acordo de exclusión de trámite ambiental no caso do Centro Penitenciario de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 18:10
Nº Rexistro: 51012
Data envio: 30/05/2016 18:10:27.746

Pamplona, anulando a decisión do Goberno en base a unha disposición idéntica á que aplica agora o Goberno de Rajoy.

Tamén o Tribunal Constitucional, na súa sentenza 13/1998, de 22 de xaneiro, afirmou que os "exceptuables" pola súa excepcionalidade eran aqueles que correspondían a "[...] determinados proyectos, que se presentan, de este modo, como obligados remedios de urgencia con los que atender a situaciones extraordinarias y de imposible previsión". Insistiu en que só baixo estas condicións era admisible.

É evidente, pois, que esta actuación, sumada á concesión do Goberno en funcións da prórroga a ENCE, mostra a utilización por parte do PP das institucións para remar a favor de determinados grandes grupos empresariais.

A Xunta de Galicia ten que definirse e, ou ben está cos intereses xerais dos galegos e galegas ou está do lado da empresa, actuando con decisión fronte a un Goberno central que toma decisións que debería de tomar o Goberno galego.

Por todo o anterior, presentamos a seguinte Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno:

-Cal é a opinión da Xunta de Galicia sobre o acordo do Consello de Ministros, de 27 de maio, no que se exclúe á planta de almacenaxe e regasificadora, Reganosa, de pasar o trámite de avaliación ambiental?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 30/05/2016 18:01:53

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 30/05/2016 18:02:07

Ramón Vázquez Díaz na data 30/05/2016 18:02:11

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 30/05/2016 18:02:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 18:10
Nº Rexistro: 51012
Data envio: 30/05/2016 18:10:27.746

Eva Solla Fernández na data 30/05/2016 18:02:18

Jose Javier Ron Fernandez na data 30/05/2016 18:02:23

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 50933(09/PUP-000277)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 3 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coa posible venda dos centros de produción de Alcoa en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 11:37
Nº Rexistro: 50933
Data envio: 27/05/2016 11:37:05.178

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Ramón Val Alonso, María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, José Manuel Gallego Lomba e Noela Blanco Rodriguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola alarma social que xeran as informacións que están a saír nos medios de comunicación sobre a venda das dúas factorías de produción de aluminio asentadas en Galicia, con gran peso económico e produtivo na nosa industria.

Segundo o publicado nos distintos medios de comunicación a empresa Alcoa, que conta con dúas factorías de produción de aluminio primario e unha planta de procesamento de bauxita en San Cibrao e Coruña, está a trasladar a súa intención de desprenderse destas plantas.

Nos últimos días téñense producido visitas de grupos investidores a ambos os dous centros de produción, o que evidencia a clara intención por parte da empresa de desprenderse deles.

A falla de información está a provocar unha situación de importante incerteza entre os traballadores diante da posibilidade de perder o seu posto de traballo. Falamos de máis de 1.500 empregos directos nos tres centros pertencentes a Alcoa e preto de 600 vinculados á industria auxiliar.

É por todo isto que os deputados e as deputadas que asinan preguntan o Goberno galego:

Cal é a información que manexa o Goberno galego sobre a posible venda dos centros de produción da empresa Alcoa radicados en Galicia?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2016 11:37
Nº Rexistro: 50933
Data envio: 27/05/2016 11:37:05.178

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2016

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 27/05/2016 11:34:38

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 27/05/2016 11:34:55

José Manuel Gallego Lomba na data 27/05/2016 11:35:05

Noela Blanco Rodriguez na data 27/05/2016 11:35:15

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 50244(09/POP-004920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 máis

Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da incidencia da falta de reposición do profesorado na calidade docente das universidades galegas

Publicación da iniciativa, 642, 11.05.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2016 13:59
Nº Rexistro: 50244
Data envio: 04/05/2016 13:59:48.676

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Carmen Acuña do Campo, Ricardo Vicente Docasar Docasar e **Emilio Vázquez Blanco**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Os fortes recortes orzamentarios decididos polo Goberno do presidente Feijoo, unidos as limitacións da taxa de reposición están a producir efectos moi negativos nas universidades galegas tanto na investigación como na docencia.

Nesta última ten un efecto francamente pernicioso a forte redución do profesorado que se produciu nos últimos anos, froito da citada taxa de reposición que durante anos foi do 10 % e que por riba incide sobre un profesorado universitario moi envellecido, proba disto é que a idade media do profesorado da Universidade de Santiago era en 2014 de 52,2 anos, unha das máis altas de toda España.

Fai poucos días era o decano de Medicina o que daba a voz de alarma sobre os problemas que está a producir nesta facultade a non reposición do profesorado.

As cifras dadas polo Sr. decano son francamente alarmantes. O cadro de persoal de profesores e profesoras da Facultade de Medicina reduciuse un 11 %, perdendo 275 docentes, nos últimos 5 anos o que está a provocar unha situación crítica.

Neste senso o decano lamentouse pola perda de 43 das 80 prazas de profesores do concerto co Sergas e a xubilación de oito profesores do departamento de "Medicina" o que fará que só queden catro profesores para impartir a docencia de dezasete materias médicas. Noutros departamentos a situación é semellante pola xubilación don alto número de profesores cuxas prazas non foron cubertas.

Está é a situación a que están levando as universidades públicas as políticas do PP en Galicia e en España e que repercute moi negativamente na

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2016 13:59
Nº Rexistro: 50244
Data envio: 04/05/2016 13:59:48.676

calidade docente das nosas universidades. Unha grave situación, máxime cando o profesorado universitario non se improvisa xa que require moitos anos de formación e preparación docente e investigadora.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cree o Sr. conselleiro de Educación que a calidade docente das universidades galegas pode manterse sen profesorado?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López
Carmen Acuña do Campo
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Emilio Vázquez Blanco
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 04/05/2016 13:43:37

María del Carmen Acuña do Campo na data 04/05/2016 13:43:42

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 04/05/2016 13:43:46

Emilio Vázquez Blanco na data 04/05/2016 13:43:52

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 47104(09/POP-004452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación na que quedan os doentes que estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas non aceptan seren derivados a centros privados para a súa realización

Publicación da iniciativa, 603, 18.02.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2016 16:55
Nº Rexistro: 47104
Data envio: 11/02/2016 16:55:36.540

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á derivación de doentes á sanidade privada.

A derivación de doentes da sanidade pública de Galiza a centros privados, ven sendo unha constante, mais esta práctica foi en aumento tras a aprobación por parte do Partido Popular da Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias, que establece uns tempos de espera de 60 días para operacións cirúrxicas e 45 para consultas e probas diagnósticas, tempos que son imposíbeis de cumprir na actual situación na que ten o Partido Popular á sanidade pública.

Son diversas as denuncias realizadas por doentes, diante da actuación do Servizo Galego de Saúde de proceder a eliminalos das listas de espera cirúrxica, si rexeitan ser derivados a un centro hospitalario diferente ao que teñen de referencia na sanidade pública galega.

Por esta razón formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

En que situación quedan os doentes que estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas non aceptan ser derivados para a realización das mesmas en centros privados?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2016 16:55
Nº Rexistro: 47104
Data envio: 11/02/2016 16:55:36.540

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 11/02/2016 16:53:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 50950(09/PUP-000278)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as medidas de prevención e control que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación co exceso de peso das persoas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 10:33
Nº Rexistro: 50950
Data envio: 30/05/2016 10:33:22.269

GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA

Á MESA DO PARLAMENTO

Mónica Fernández García, deputada do G.P. Mixto, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente** relativa ao exceso de peso das persoas en Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A obesidade e o sobrepeso son dúas doenzas en continuo crecemento. Catro de cada dez persoas teñen sobrepeso e dúas son obesas na nosa terra.

Galiza está á cabeza do estado español en taxa de persoas con sobrepeso que representan o 43,5 % da poboación entre 25 e 64 anos e ocupa o segundo posto no ranking de persoas con máis obesidade cunha taxa de 24,9 % segundo o estudo da Sociedade Española de Cardioloxía.

O exceso de peso hoxe é o terceiro factor de risco para todas as causas de morte e discapacidade, despois do tabaco e a hipertensión arterial para o desenvolvemento de outras enfermidades crónicas. Supoñen un empeoramento da calidade de vida da persoa doente e por outra un aumento da carga asistencial e un gasto para o sistema sanitario de saúde.

Por todo isto a deputada que subscribe formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**:

- Que medidas de control e prevención está adoptando a Xunta de Galicia na actualidade para unha maior vixilancia nos grupos de risco e aplicación de estratexias para a toda a poboación?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2016 10:33
Nº Rexistro: 50950
Data envio: 30/05/2016 10:33:22.269

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016

Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 30/05/2016 10:32:14

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 48236(09/POP-004652)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do Decreto que regula a previsión de reinvestimento de parte dos ingresos das comunidades de montes no propio monte, establecida na Lei de montes de Galicia, e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte

Publicación da iniciativa, 617, 16.03.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2016 17:25
Nº Rexistro: 48236
Data envio: 09/03/2016 17:25:02.298

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Isabel García Pacín, Vidal Martínez-Sierra López, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Moisés Blanco Paradelo e **Angel Camino Copa,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

As comunidades de montes veciñais en man común están a obter ingresos periódicos polo aproveitamento dos seus recursos e actividades. A primeira Lei de Montes de Galicia establece que unha parte ou porcentaxe deses ingresos -cunha cota mínima do 40%- sexan reinvestidos en actuacións para a posta en valor dos seus propios montes.

Para desenvolver esta obriga legal o Consello da Xunta vén de aprobar o Decreto polo que regulamenta esta previsión de reinvestimento que ten como finalidade principal mellorar e protexer o monte, co fin de asegurar a súa sustentabilidade no tempo e o seu carácter multifuncional.

Para entender a importancia e magnitude desta medida cómpre lembrar que Galicia ten máis de 3.000 comunidades de montes veciñais en man común, compostas por máis de 150.000 galegas e galegos que posúen a condición de veciños comuneiros.

Falamos dunhas 660.000 hectáreas, é dicir, que o 33% da superficie total de Galicia ten a natureza de monte veciñal en man común.

Atopámonos distintas casuísticas en función dos aproveitamentos dos diferentes recursos que produce o monte (pasto, biomasa, madeira, castañas, cogomelos…) ou das diferentes actividades e usos existentes (produción eólica, actividade extractiva, vitivinícola, sociorrecreativa, etc.).

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego desta norma e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2016 17:25
Nº Rexistro: 48236
Data envio: 09/03/2016 17:25:02.298

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 09/03/2016 17:23:16

María Isabel García Pacín na data 09/03/2016 17:23:25

Vidal Martínez-Sierra López na data 09/03/2016 17:23:32

Rosa Oubiña Solla na data 09/03/2016 17:23:39

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/03/2016 17:23:47

Moisés Blanco Paradelo na data 09/03/2016 17:23:55

Angel Camino Copa na data 09/03/2016 17:24:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.06.2016 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 50310(09/POP-004929)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento

Publicación da iniciativa, 646, 19.05.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 50310
Data envio: 06/05/2016 14:00:34.776

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova equo

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, **Eva Solla Fernández**, **Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz**, **Antón Sánchez García e Xabier Ron Fernández** deputados e deputada do **Grupo parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A orde da Xunta de 8 de febreiro de 2008 establece como deben realizarse, e con que documentación, o transporte de produtos de pesca frescos cando o punto de venda é distinto ao de descarga.

Nesta normativa establecese a obrigatoriedade de obter documentación para o transporte, guías de transporte, feito que na ría e Confraría de Ferrol supón na actualidade unha auténtica odisea e un sobrecusto do 10% do valor do produto, pola inadecuada solución técnica adoptada.

Como coñecen, por exemplo os percebeiros que na maior parte realizan a súa venda na lonxa de Cedeira, a necesidade de acudir ao punto de emisión en Ferrol, que nin tan sequera conta cunha báscula, supón un desprazamento medio de máis de 90km cada día de faena, desprazamento que supón incremento dos custos e, sobre todo, da posibilidade de ter un accidente laboral, ante a premura dos tempos, para poder cubrir os prazos de venda na lonxa.

A Xunta dispón xa de posibilidades técnicas, programa informático xa activo, para facilitar a adquisición telemática vía app, ou web móbil, para que os percebeiros non tiveran que facer ningún desprazamento, mellorando a súa calidade de vida e seguridade, sen falar da rebaixa dos custes de transporte, feito este que fai que non se entenda o motivo polo cal a Consellería non habilita estes medios telemáticos accesibles dende o móbil ou dispositivo electrónico que elixan os mariscadores.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en ***Pleno*:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2016 16:30
Nº Rexistro: 50310
Data envio: 06/05/2016 14:00:34.776

¿Ten previsto o Goberno galego resolver esta situación da ría de Ferrol, instalando medios técnicos para que se poidan obter as guías de transporte de forma telemática sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición ?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 06/05/2016 13:56:05

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 06/05/2016 13:55:50

Anton Sánchez García na data 06/05/2016 13:55:57

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 06/05/2016 13:55:41

Jose Javier Ron Fernandez na data 06/05/2016 13:56:29

Eva Solla Fernández na data 06/05/2016 13:56:18